


*SCRITA*  
6'

VERÁN

1985



**CREPAX.**  
*Pulcra e raffinata*



Portada: DEBUXO de Guido Crepax / FOTO e DESEÑO Xurxo Fernández. 3, MATERIALISMO E COMPUTABILIDADE por Xenaro García Suárez. ILUSTRACION, Guillermo A. Monroy. 4-5, A ANALISE DO DISCURSO E A IMAXE PUBLICA DO GALEGO por Celso Alvarez Cáccamo, ILUSTRACION, Guillermo A. Monroy. 6-7, LITERATURA FANTASTICA por Xaquín López, ILUSTRACION, Permuy e Arquivo. 8, NOS LIBROS por Román Raña Lama, ILUSTRACION, La Suisse. 9, ECOLOXIA E PAZ por Carlos Vales, FOTO, Patrick Brunet. 10-11; OS SISTEMAS SEMIOTICOS ¿UNHA SUPERESTRUCTURA? por Antón Baamonde, FOTO, Michael Schwarse. 12-13, CREPAX: PULCRIVAMPISMO por Margarita Ledo Andión, DEBUXOS, Guido Crepax, FOTOS, Xurxo Fernández. 15, PESSOA por Comisión de Cultura de HB de Araba, FOTOS, M. López Gallego / AP. CREAMION: 19, LASCAS por Luis Rei Núñez, 20, PATRIA por Ernesto Guerra da Cal, ILUSTRACION, Guillermo A. Monroy. 21, POEMAS de Fiz Vergara Vilariño, Celso Alvarez Cáccamo e Pedro Tamen. 22, CADERNO DE CALIGRAFIA DUN NENO SUICIDA por Xosé Luis Martínez Pereiro, ILUSTRACION, Georg Baselitz. 23, ILUSTRACION, Moldes.

# COMPUTABILIDADE

Por Xenaro García Suárez

Xa non é que unha fantasma recorra Europa. A cuestión é que por fin o anarroi de xa é realidade é que Colem toma forma de colectivo de filósofos franceses de avangarda en investigacións filosóficas informatizadas. Ningún nega que estamos perante unha revolución científico-técnica sen precedentes. Pero, iso si, segue sen cambiar o paradigma discriminante que califica a algúns feitos como profundamente culturais, mentres que outros son relegáptico de nós mesmos, perdemos de vista as nosas propias pegas, a orixe mesma das nosas vidas, do Planeta, do Universo. A reacción antimitolóxica das "filosofías" endurecendo as suas posicións non son boas de por si, e se ben estamos posuídos pola historia, non podemos tomar consciencia dela, se non é mediante un distanciamiento ás veces inconsciente e, dende logo, nada cartesiano. A ficción do automata humano permanece ancorada dende hai moito tempo no inconsciente colectivo e se os filósofos sempre puxeron moito cuidado en integrar as computadoras no seu discurso, pudo ser por un feito tan accidental como o de non ter ao seu debido tempo un Freud. Calquer filósofo que se precie tratará de evitar tamaña promiscuidade como é impregnar a filosofía de impurezas tais como as que poden supor a integración dos ordenadores no seu método. O que pretendemos é precisamente o contrario. Analizando algúna cuestión que consideramos fundamental —provoca que algo queda— trataremos de levar ao terreo da promiscuidade a todos aqueles que sigan a identificar filosofía co anquilosamento alienante, na fuxida da física que interpreta o cosmos e, por qué non, da teoría da computabilidade, que fora de todo holismo trata de describir nun senso o máis semellante ao da física teórica o que é a lóxica do pensamento frente á pobreza que supón o delimitarse á lóxica do pensante.

As teorías que hoxe rexen na Ciencia, lexitimadas porriba de calquier superstición antiga ou moderna, requieren un tipo de pensamento, que sen automatización non marcha. Non se trata só da complexidade dos cálculos, se non de conectar entre si os alicerces da "ciencia da ciencia", dende os modelos de Badiou ao neonominalismo de Stegmüller, dando novos enfoques e facilitando a formación dunha actitude reflexiva orixinal, sincrónica en relación cos actos e o desenvolvemento científico en xeral, e que tende a tomar consciencia das actividades como tais, desvencellándoas de toda consideración sobre o suxeito da actividad concreta.

Esta pretensión de elevar a categoría obxectiva o pensamento en si, lévanos a matinar sobre se non sería esto o momento de integrar nunha epistemoloxía materialista a teoría da computabilidade.

Até hai ben pouco tempo chegaba con dizer que a lóxica dialéctica era algo así como a fuxida polo tempo da lóxica formal. Oraben, unha

vez que algúns resultados cruciais dentro da lóxica matemática —Teorema de Gödel— maniféstanse contundentemente frente aos intentos encorsetadores e limitativos de Freg e Hilbert, non queda máis remedio que baixar ao detalle, asumir a historicidade e reflexionar nos alicerces da computación á luz desta ruptura dialéctica, non esperanza de orde, que tan ben nos explica Badiou no número cinco de Escrita.

O teorema de Gödel, que demuestra que todo sistema axiomático finito ten que suportar proposicións indecidibéis, tradúcese en algo así como nunha limitación para os ordenadores actualmente concebíbeis. Así como non se pode escoller metodicamente entre todos os enunciados, que o formalismo dunha teoría intuitiva permite construir, o conxunto exacto a partires do cal se obtén as verdades, tampouco se poderá concebir o programa exacto dun fato de operacións executábeis por unha máquina e que perante calquen enunciado proposto conduza a decidir se este é verdadeiro ou falso.

No ano 1936 Alan Turing propón un modelo susceptible de computar todas as funcións intuitivamente calculábeis. Consiste nunha cabeza leitora e escritora que pode desplazarse ao longo dunha fita infinita, dividida en celiñas. Cada cela pode conter un 1 ou un 0. A transición da cabeza a un novo estado, o desplazamento dunha celiña a outra así como o símbolo que pode escribir nela, está determinado polo propio estado e o contido da cela que le. A tese de Turing —algo modificada posteriormente por Alonzo Church— é que toda función intuitivamente calculábel poden tamén calcularse con esta máquina. Se ben esta tese é informal, por non ser matemáticamente demostrable, non se deu atopado ningún exemplo que a contradiga. Unha máquina de Turing é equivalente a un ordenador no sentido en que permite calcular as mesmas funcións, avaxantando na grande sinxeleza de conceito, o que fai más doado o estudo das propiedades matemáticas. Todo modelo de ordenador por complexo que se melle é reducible a unha máquina de Turing.

Así como os principios da termodinámica supoñen un límite para todas as especulacións maquinísticas subxacentes á primeira revolución industrial, a tese de Church limita dende o punto de vista teórico a complexidade de problemas a resolver utilizando ordenadores. Os traballo de Turing aos que facemos referencia datan fundamentalmente de 1936, mentres que o seu interés, xunto co de Von Neuman, pola construcción de ordenadores materiais retrásase até o ano 1942, co cal o sucedáneo informático do móvil perpetuo de primeira especie é xa desde o principio unha esperanza esvaída. Este tipo de limitacións compre telas presentes dado que o carácter da cibernetica como a ciencia máis idónea para captar os procesos dinámicos, xunto coa capacidade de autocorrección de algúns sistemas, son fonte de inspiración de todo tipo de especulacións fundamentadoras de visións da

evolución do mundo profundamente reaccionarias, mestamente viciñas do triángulo das Bermudas e das invasións extraterrestres.

A revolución informática por si só non vai cambiar o planeta. É mais, nem tan sequer as relacións de producción é de esperar que cambien dun xeito automático. Oraben, partindo do principio de que todo suporte lóxico —Software— pode ser substituído por unha montaxe electrónica equivalente —Hardware—, e viceversa, unha propiedade esencial parece emerxer, que diferencia fondamente a este tipo de máquinas doutros meios de producción máis convencionais. Propiedade esta que pode implicar a posibilidade de irromper no esquema ríxido da organización capitalista por canles non orgánicos, que tanto poden afectar á gran banca como ao mesmo aparello de estado, sen que sexa a posesión dos meios —materiais, sen ánimo de ser dualista— excesivamente determinante. Os casos de traballadores dos servicios informáticos de bancos que en Inglaterra e Italia, conectando co ordenador por teléfono, deviaron sustanciosas cantidades de diñeiro en beneficio particular; o rapaz que "entrou" nos ordenadores do Pentágono, ou o que ainda non entrou no que Martin Villa lle regalou á Guardia Civil, debido á grande cantidade de parásitos que teñen as nosas liñas telefónicas, son exemplos de como sen grandes limitacións económicas se pode facer tambalear un sistema que amenaza monolíticamente con controlar todo e a todos.

Outra cuestión a considerar é a tendencia incuestionábel que representa a centralización do mercado derivada da informatización, que de todos os xeitos fai que a división do traballo informatizado deveña tan embrutecedora como a do traballo convencional posterior á revolución industrial. Non é outra cousa que descoñecer as realidades técnicas o considerar que no sistema informatizado todos os postos de traballo serán sés no paraíso. Se Taylor recomendaba ao traballador que non pensara ao utilizar as pezas, tería que recomendar ao informático que ao pensar non pensara.

Para rematar diremos que a pesares de todo o apuntado anteriormente hai algo no traballo informático que o fai menos embrutecedor, sendo de esperar que a medida que o desenvolvemento dos meios de producción se faga mais racional, e que a potencia de pensar máis o poder de decisión coincidan nun traballo activo, facilitarase a integración armónica de producción e traballo nun todo assumido conscientemente —para si—. Logro que evidentemente non vai vir dado por si só, sen mais que entregarmos á voraxine da automación, se non máis ben se sometemos a esta ás claves de análise e transformación da sociedade que a pesares de postmodernos, neorriardianos e outros espécimes más ou menos parusistas, coidamos seguen a estar no marxismo.



*A análise do discurso e a*

# Imaxe pública do galego

*Por Celso Alvarez Cáccamo*

**A**análise do discurso falado —quer dizer, das estruturas superiores á oración compuestas por vários participantes nos seus respectivos turnos de fala nun afán consciente ou inconscientemente cooperativo por construir unha unidade de forma, sentido e funcionalidade comunicativa— pódese-nos revelar como un instrumento mui útil para a mellor comprensión dos procesos e conflitos comunicativos, e, indirectamente, para unha caracterización mais precisa das situacións sócio-lingüísticas. As xeneralizacións vixentes sobre a 'diglósia' no noso país só poden cobrar sentido através da micro-análise do comportamento lingüístico das persoas, membros de diversas retículas sociais, en situacións específicas nas que teñen de levar a cabo actividades comunicativas concretas mediante *estratexias discursivas*<sup>1</sup> verbais e non verbais. A escolla dun código determinado ('língua', 'dialecto' ou 'rexistro' español ou galego), o seu mantemento ao longo das conversas, ou a sua alternancia con outro(s) código(s), son só *aspeitos* da organización interna do discurso que, xunto ás convencións implicitas para a toma da palabra e a duración dos turnos de fala, a prosodia, os signos non lingüísticos, etc., definen e re-definen constantemente os papeis e obrigacións mútuas dos participantes na interacción e as metas comunicativas implicitamente assumidas ou negociadas, e son marcas de superficie de significados afectivos e sócio-lingüísticos e de intencions comunicativas.

A análise do uso dos códigos na fala (galego e español, neste caso) non pode ir, portanto, desvinculada da análise dos outros aspeitos da organización do discurso, organización que está sempre determinada polo contexto, inmediato e social. Mas, polas singulares connotacións que o uso individual e público de unha ou outra lingua ten na politizada situación galega actual, neste traballo centrarei-me na función pragmática do galego e o español nun acontecemento social formal. O uso alterno de ambas linguas nun acto público convocado polo Concello dunha cidade de Galiza para a entrega dun premio de pintura a un xoven artista servirá-nos para exemplificar algúns aspeitos do actual proceso de re-definición dos papeis do galego e o español na comunidade, e, paralelamente, do seu relativo *status* no entramado do poder político e cultural da cidade.

O breve acto, celebrado en maio de 1984 e ao que asistiron unhas oitenta persoas, consistiu tanto na entrega do Prémio de Pintura Pintor P como nunha homenaxe explícita ao labor de dito P(intor) e a Dona D —a sua compañeira, a quem chamarei I—, de quien partira a iniciativa de convocar o concurso. O premio foi fallado por un xurado composto por membros directivos dun museu da cidade, xurado que contava cun representante na mesa de oradores. Os participantes no acto foron, por orde de intervención: o A(calde) da cidade, principal participante; o pintor P; o R(epresentante) do xurado e o museu; a compañeira do pintor P, I; o xoven pintor gañador do concurso, a quem chamaremos G; o A(calde) novamente, para cerrar o acto; e, por suposto, o Público.

O desenvolvimiento do acontecemento nas sucesivas actividades comunicativas (isto é, episódios diferenciados con unidade interna) vai a continuación. Na transcripción da gravación magnetofónica van entre parénteses os comentários meus ao intercambio verbal e os resúmes de intervencións cuxa reproducción completa non é necesaria para os nosos propósitos; as paréntesis cuadradás dacabalo de duas liñas indican superposición de voces ou de outras marcas verbais; o trazo (...) aparte do seu valor estándar no galego, asinala "falsos comezos" de palabras non rematadas; e coa paréntese cuadrada [ ] suplo formas non totalmente intelixíveis.

## Actividade I

A: Boas tardes (Pausa)... Señoras e señores... é a primeira vez que se vai a entregar o premio de D. Eu ll-chamo-lo así dun xeito a[b]solutamente familiar, porque D é unha persona a[b]solutamente entrañável...

(Continua o seu turno en GALEGO, con información sobre a convocatoria do premio por D, e remata cunha presentación do pintor P).

Público: (Aplausos).

## Actividade II

P: Bueno, eu como non teño gran facilidá de palabra, quiria decir unhos renglos e [vou-nos facer]. Pero vou-no facer en castelán, (dición rápida) que esta vez os fixen en castelán, saliron-me. (Pausa) Qué lle vamos facer. Non vou dar a lata, eh.

Público: (Breves risos).

P: É corto... E fa-di asi: (Leitura do texto en ESPAÑOL sobre a arte e o seu futuro na nosa sociedade. Remata dando ánimos a seguir ao pintor G(añador)).

Público: (Aplausos).

## Actividade III

(O R(epresentante) do xurado achega-se á mesa de oradores cun documento).

R: (En pé) Vou ler a acta do... da concessión do premio a don G. (Leitura da acta oficial en GALEGO).

Ten o visto bueno do señor Alcalde que é Presidente do Patronato (do museu).

E aora Doña D fai a entrega simbólica do acto da dotación ao pintor G.

## Actividade IV

D: Muchas gracias... y gracias a todos los asistentes. No puedo hablar porque ando mal de las vértebras.

Público: (Risos de solidariedade e comentários).

D: (Risos):

(I entrega o sobre co premio a G).

Público: (Aplausos).

I: (Comentários inintelixíves a G).

## Actividade V

G: (Volume alto da voz, dición crara). Yo quiero a- de una forma pública dar las gracias al Patronato, a D, a P, y a todos los que de alguna forma contribuyen a

que se me otorgase a mí este premio.

D: Y al señor Alcalde.

G: Y al señor Alcalde, obviamente (inintelixível).

Público: Ja jaja. (Aplausos).

## Actividade VI

A: (A G) Si yo estoy aquí de notario. Lo importante es con P y D.

D: (Inintelixível).

(Pausa).

## Actividade VII

A: S- señoras e señores eeh, temos muito gusto en ofrecer-lle a todos, (dición rápida) po[r]que estamos en unha festa un pouco entre amigos e [digo] unha festa da cultura, en que tomemos un viño xuntos ai ao lado i que sigamos falando de cousas da arte ceais.

Os puntos que nos han interesar na nosa análise son os seguintes:

(1) A actuación lingüística de A nos seus turnos "on-record" (quer dizer, 'oficiais, para que consten') e "off-record" ou privados. Neste acontecemento A escolle o galego como 'língua pública' e o español como código de comunicación persoal con participantes (D e G) que elixeron o mesmo para a sua expresión e definición pública. Volverei sobre este punto.

(2) O comportamento lingüístico de P. Mientras que o galego tal vez sexa a lingua na que P se sinte mellor instalado para certas formas de expresión habitual —como se pode deducir polo seu acento e entonación (que excuso de transcrever), pola sua fluidez e pola presenza de certos dialectismos—, recofiece que non ten "gran facilidá de palavra" nel, e apoia-se no español escrito para a sua intervención pública. Mas o seu próprio comentario "(os renglos) esta vez saliron-me (en castelán). Que lle vamos facer" semella ser un acto de 'auto-xustificación' ou 'auto-reparación', unha estratexia harmonizadora desencadeada polo feito de ter escollido "esta vez" a lingua inapropiada para un acto público que começara en galego e que se supón de afirmación de certos valores culturais galegos. O español escrito é, nesta ocasión, o código que mellor representa a P para a expresión das vivencias e sentimientos persoais expresados no texto, que tamén me excuso de transcrever. Mais, para obter a aceptación implícita dos outros participantes (incluíndo, sobretodo, o Público), P sinte a necesidade de producir, dentro do seu turno, este segmento de 'auto-xustificación'<sup>2</sup>

(3) Na intervención de D, a entonación e outros trazos prosódicos e fonéticos fan-nos supoñer que ela non é falante nativa de galego. A sua escolha do español, contodo, levámos a pensar en algunha das hipóteses seguintes respecto das suas intencions comunicativas sub-xacentes: (a) D non comparte, como A, P e R, a premissa de que a toma de postura canto ao uso público da lingua no contexto que nos ocupa é un *a fortiori*, e por isto non considera necesario un esforzo —provavelmente pequeno— de "tradución" da sua breve intervención como manifestación pública de solidariedade cos seus interlocutores e a comunidade galego-falantes; (b) D si comparte esta premissa e si ve este *a fortiori*, mas sinte-se mais identificada cos

valores que a lingua española implícitamente conllevarían; a sua intervención sería, portanto, unha acción potencialmente 'agresiva' que ameazaría con pór en perigo a harmonía do acto; non obstante, non hai ningún indicio (comentarios, xestos faciais, etc.) de que a interpretación que o resto dos participantes dan ao turno de D sexa esta; polo contrario, as mencions de respeto e consideración que A fai a D, así como a intervención do primeiro na Actividade V ("lo importante es con P y D"), apoian a plausibilidade dunha terceira hipótese: (c) as prioridades comunicativas de D centranse na transmisión inmediata, direita e íntima do seu agradecimento a A, etc., para a cal só o español (lingua nai e na que D se sentiría mellor instalada) pode servir.

(4) A actuación lingüística do gañador, G, quen opta polo español como lingua 'oficial', quer dizer, para os seus turnos "on-record", a pesares da sua posible capacidade para facé-lo en galego, como se pode deducir da presenza de trazos prosódicos e fonéticos proprios do galego no seu español. A análise de certos trazos lingüísticos (prosódicos, léxicos e gramaticais) é ademais a que nos permite deducir que G tenta de producir con efecto un turno de fala "on-record": (a) en primeiro lugar, a direccionalidade 'pública' do turno de G está explicitamente sinalada ao comezo da sua intervención, na que dá as grácias "de forma pública", etc., e na que se refire *indirectamente* aos outros participantes activos do acontecemento; (b) a sua sintaxe é case de todo correcta, se excluimos a vacilación do comezo "yo quiero a-'" (talvez "a-gradecer"?); asimismo, o uso do pasado de subxuntivo en -se ("otorgase"), de menor frecuencia no español actual, maximiza a formalidade da intervención; (c) as variantes léxicas escollidas son as más formais dentro das suas correspondentes familias de cuase-sinónimos: "otorgar" por "conceder" ou o coloquial "dar", e, sobretodo, "obviamente" polos mais coloquiais "por supuesto" ou "claro"; e, por último (d), como está indicado na transcripción, G comeza o seu primeiro turno cun volume alto da voz e unha dición clara, como corresponde a un tipo de interacción mais formal.

(5) O curto turno de A na Actividade VI ("Si yo estoy aquí de notario. Lo importante es con P y D") exemplifica unha vez mais o que é un intercambio comunicativo "off-record", fóra do oficial, nun acontecemento formal. Aquí, A opta polo español para se dirixir a G (que escollerá a mesma lingua na sua definición pública), facendo mención aos outros dous destinatarios indirectos, P e D, que nesta ocasión tamén falaron publicamente en español (pouco sabemos, através do *discurso*, da sua actuación privada). Hai, portanto evidencias estruturais internas para supor que neste segundo turno de A o que prima é a comunicación directa nun código (o español) que é compartido por —e representa a— os seus interlocutores, e que hipoteticamente tamén o representa a el para certos tipos de interacción informal. Ademais, posto que as intervencións públicas de A foron en galego e non hai ningún indicio verbal ou non verbal de que os compoñentes da mesa non o entendesen, pode-





se aventurar que, se el tivese empregado tamén o galego para esta actividade "off-record", nada do significado *referencial* da sua mensaxe se tería perdido; mas si, talvez, muito dos significados *afetivos* através dos cais A estableceu con efecto un vínculo comunicativo con G, P e D, desplazando momentáneamente da interacción ao resto dos participantes pasivos (R e o Público). Non hai, por último, nengunha estratéxía de "auto-xustificación" —como a de P na súa intervención— para o uso do español, polo que podemos asumir que o español é para A un código perfeitamente válido no contexto que nos ocupa, e que hai ademais consenso implícito para o seu uso.

A curta Actividade VI constitue portanto unha unidade estrutural diferenciada do resto do acontecemento, na que se re-definen os papeis e obrigacións mútuas dos participantes, os obxectivos finais da interacción e o carácter mesmo de esta; en resumo, pasa-se do 'oficial' ao 'personal', e, con isto, muda-se tamén de código lingüístico nesta ocasión.

Ainda que a nivel macro-social o conceito 'diglosia' —quer dizer, o contacto conflitivo entre galego e español, co predominio de este nas instancias mais formais e oficiais de interacción e nos tecidos sociais mais vinculados ao poder político e económico aínda pode ser parcialmente operativo para descriver a situación socio-lingüística da Galiza, a microanálise da organización do discurso en contextos e retículas sociais específicos (neste caso, no mundo da cultura e dos poderes locais) revelanos que a situación é mais complexa do que semella. E que as premisas comunicativas nas que se fundamenta a funcionalidade dos códigos lingüísticos son, non somente *qué* se desexa comunicar e *a quién* (isto é, os contidos referenciais destinados a un(s) interlocutor(es) de determinada extracción lingüística, social e étnico-nacional), nem tan sequer *cuando* e *dónde* (quer dizer, en qué contexto), senón sobretodo *para qué* (con qué intencions comunicativas) se desexa transmitir o que só superficialmente é o obxecto mesmo da interacción. Con outras palabras, en situaciones en que a escolha dunha ou outra lingua estaría inicialmente determinada por convencións "diglosicas" de interacción implicitamente asumidas, a alternancia *situacional* ou *metafórica* de códigos<sup>3</sup> serve, por contraste, para re-definir algunas (ou todas) das premisas comunicativas, e, en consecuencia, a propia función dos códigos no plano social.

Ademais, através da análise dun acontecemento social directamente vinculado aos círculos do poder político e cultural dunha cidade de Galiza, temos observado que, contrariamente ao que nos di a ideia imperante da 'diglosia', o galego é o código *oficial* para certos tipos de actividades formais: a presentación dun pintor, a leitura das actas oficiais dun premio, etc. A mesma estratéxía de 'auto-xustificación' do pintor P na sua intervención suxiremos que o galego *devería* ser tamén para el o código oficial, mas desafortunadamente nesta ocasión non o é. Os turnos de fala de D non teñen, en cambio, un carácter netamente formal, tanto polos seus contidos e brevedade (no primeiro), como, no segundo, pola maneira como D toma a palabra (interrompendo e correxindo

a G cara o remate da intervención de este), mais própria da conversa informal. Respeito de G, el si é o único que utiliza 'oficialmente' o español sen precisar de nengunha auto-xustificación, mas temos de lembrar, no tocante ao seu papel efectivo na interacción, que G non é nen o organizador nen o participante direitivo do acto, (que sería o A(lcalde)). O español, pola sua parte, é utilizado

mesmo como código informal nun acto formal, co que semella que os tradicionais papeis de español e galego na nosa diglosica comunitidade estarian invertidos.

Un recente traballo sobre o uso cotián do inglés e o francés en Montreal (Quebec, Canadá)<sup>4</sup> descobre-nos que a escolha inicial de un dos dous códigos en conversas naturais (na tenda, nos bares, con

sa. Creo que o caso do diglósico Montreal pode ter bastante que ver co noso, pois através da negociación na escolha da lingua estamo-nos definindo, *queramo-lo ou non*, e estamo-nos identificando ben coa comunidade galega, que acha na lingua un dos poucos vieiros de afirmación nacional, ben coa burguesía española e os seus valores, entre os cais se conta o da "necesidad" histórica de dominación dos povos periféricos. De calquier maneira, o que está craro é que na dinámica situación actual unha interpretación tan estática como a vixente sobre a diglosia no noso país non serve para descriver pontualmente a diversidade de cambiantes comportamentos lingüísticos das diferentes microcomunidades falantes do noso tecido social en actividades comunicativas (de carácter público ou privado) concretas. É que, hoxe neste proceso sociocultural único ao que só se asiste unha vez ou non se asiste na Galiza *falar* —e non só publicamente— é mais que nunca un acto consciente e é mais que nunca un acto político. O

#### Notas e referencias

<sup>1</sup> John J. Gumperz (1982), *Discourse Strategies*, Cambridge: Cambridge University Press.

<sup>2</sup> O contido destas 'estratéxías de auto-xustificación', observábeis noutras situacions, é variado: desde definicións sobre a extracción lingüística ("yo siempre he hablado castellano"), até aparentes posturas de respeito ao galego ("y no quiero, con mi mal gallego, estropear la belleza de nuestra querida lengua"), pasando pola suposta defensa pragmática da comunicación "en sí": "voy a hablar en castellano porque es como mejor me expreso" (palavras textuais do Gobernador Civil de Ourense ao comezo dun colóquio transmitido por RTVE en Galiza o 31 de maio de 1984). Mas o obxecto de todas estas estratéxias é, ao cabo, o mesmo: obter a aprobación dos outros participantes ante a escolha do español como código, reducindo así os riscos de confrontación directa entre os obxectivos comunicativos implícitos do interesado e dos ouvidos, que consisten, ademais de na transmisión e recepción de contidos, no posicionamento e auto-definición pública respecto do feito nacional galego, ou sexa, na expresión dunha identidade étnico-nacional.

<sup>3</sup> J. P., Blom e J. J. Gumperz (1972), "Social meaning in linguistic structure: Code-switching in Norway", en J.J. Gumperz e D. Hymes (eds.), *Directions in Sociolinguistics*, New York: Holt, Rinehart and Winston, pp. 407-434.

<sup>4</sup> Mónica S. Heller (1982), "Negotiations of language choice in Montreal", en J.J. Gumperz (ed.), *Language and Social Identity*, Cambridge: Cambridge University Press, pp. 108-118.

Por Xaquín López



A CRÍTICA tense preocupado dun xeito intensivo nos últimos anos dessa modalidade literaria que hoxe coñecemos co nome de "literatura fantástica" ou, ainda mellor, "literatura do fantástico".

En non pouca medida a abundanza de estudos sobre esta modalidade ten a sua orixe no interés que desperta a reflexión verbo da natureza e xénese do feito literario.

Con efecto, afirmada hoxe a natura ficticia do discurso literario, o primeiro engado que esta modalidade presenta é o de amosar dun xeito aberto e súpito a sua ficcionalidade; vale dicir, a sua renuncia, polo menos en principio, a toda referencialidade, a toda función de mímese. pero ¿en que maneira?

O enfrentámonos cun texto pertencente a calquera das modalidades que coñecemos como "realistas", xa que somentes con relación a elles podemos falar de literatura "fantástica", entendemos que as afirmacións que nel se conteñen son aceptadas en virtude dunha certa convención que parte da situación comunicativa "sui generis" que entraña toda lectura. Marxinamos totalmente o feito de que tais afirmacións ou sucesos teñan ou non acontecido no mundo exterior ó texto, anque esperamos que se suxeiten a certos criterios de verosimilitude ou posibilidade: é dicir, que non contradigan a nosa percepción da Realidade, que xuzgamos aplicable tamén ós personaxes. Pero velai que tal cousa non acontece nesta modalidade literaria que vimos denominando "do fantástico": nela, os acontecementos e afirmacións que nos permiten calificar de tal son incompatibles coa nosa experiencia e/ou ca dos personaxes que compartillan un anécdota. É dicir, a literatura chamada "do fantástico" constitúese nunha literatura dentro da literatura, nun discurso dentro do discurso que, nos seus caos más puros, oferécenos a sua propia ambigüidade como lembranza da ambigüidade propia a todo discurso literario. E así que poderíamos falar dunha "realidade terceira"<sup>2</sup>, dentro da realidade segunda que sería a despregada denantes da irrupción do fantástico.

O mesmo tempo, a capacidade que ten o fenómeno fantástico de quedarnos, polo menos nalgunhas das suas manifestacións, de producir en nos e/ou nos propios actantes ese

sentimento que ten sido calificado de "Unheimliche"<sup>3</sup>, ponmos en aviso de que a relación que mantemos co universo literario é más intensa do que se colexaría da sua definición coma simples ente ficticio.

As reflexións que se levan feito sobre esta modalidade literaria teñen entón tanto un interés específico, en tanto se propoñen unha epistemoloxía do fenómeno fantástico, como máis xenérico en tanto tentan botar algunha luz verbo da complexa natureza de todo feito literario.

Ainda admitindo o risco dunha certa simplificación, poderíamos dividir as orientacións da crítica actual en dous grandes grupos: aqueles que tentan unha aproximación formalista que lles permita establecer uns principios abstractos e universais que den conta do fantástico, e quen, mediante unha aproximación temática, parte dos textos mesmos para dar conta de tal fenómeno na sua concreción no corpus literario, usando de conceptos tanto literarios como extraliterarios. Tzvetan Todorov é, quizás, sobranceiro representante dos primeiros. Na súa liña poderíamos incluir a Harry Belevan e a Bellemin-Noël. Entre os segundos a Roger Caillois e Antón Risco.

As eivas que marcan a ambas as duas correntes son tamén patentes e dedúcense dos seus propios planteamentos. Así, Todorov láíase da falla de criterio científico na crítica precedente por pretender unha dilucidación do fantástico en base a unha análise exaustiva, pero por forza limitada, do corpus literario, aduzindo que a exaustividade non permite en xeito algúns a xeralización. Se o nacemento dun tigre, aponta Todorov con certo humor, non fai senón confirmar a "tigritude", non así o dunha obra literaria que amiúdo trastoca todas as nosas previsións verbo da "especie literaria" e chega ainda a se definir por tal trastocamento.

Pero, por outra banda, o criterio de fantasticidade ofrecido por Todorov ten sido tamén criticado. Para este autor fantástico consiste nese intre de dúbida en que se move(n) o(s) personaxe(s), e con el(es) o lector, entre integrar o solprendente na sua lóxica ou rexeitalo definitivamente. Define, pois, a tal fenómeno ambigüidade. Un tanto paradoxalmente, a sua falla de definición.

O enfoque de Todorov mostra as claras o seu carácter restrictivo, o seu excesivo idealismo e, en fin, a sua previsible improductividade no análisis de textos. Tal crítica lle fai, e estamos de acordo, Antón Risco. ¿Que camiño tomar entón? Pensamos que naturalmente depende dos nosos obxectivos, o máis común dos cais sería o de dar conta dunha obra concreta ou dun corpus restrinxido no que intuimos se fai uso do fantástico e que, polo tanto, veríamos de incluir nesta modalidade. O noso plantexamento pode ser, entón, ecléctico co obxectivo de dar conta desa obra concreta e non temos que marxinhar as aportacións de ninguna das correntes críticas, senón tomar delas o que nos sexa máis útil xa que non perseguímos unha definición abstracta e universalmente válida. En principio definímos, un tanto tautolóxicamente, un texto dado como pertencente a modalidade de que vimos falando cando na sua anécdota teñen lugar acontecementos que merecen a calificación de fantásticos. Ampliando a definición por riba do plano da anécdota, tamén contemplamos a fantastización como posible no plano do enunciado.

A custión estriba entón en definirnos eses acontecementos.

A totalidade dos críticos coincide, de xeito expreso ou implícito e sen olvidarmos a ampliación feita na definición anterior, en que o fantástico se amósa na anécdota.

Así, para Rabkin<sup>5</sup> surde ó alporzarse os persoaxes diante dun acontecemento dado. Enténdese, naturalmente, que tal alporzamento ha ten como causa unha conculcación das leis que rixen o mundo da anécdota.

Coherentemente coa intención de non definir o fantástico como feito positivo, Belevan refirese sempre as "marcas do fantástico", os sinais da sua presenza. Noustante, alúdese a un fenómeno ambiguo<sup>6</sup> e, xa que logo, a un feito acontecido arredor do cal se constitue tal ambigüidade. O mesmo é válido para Todorov: a dúbida ten por forza que establecerse arredor dun acontecemento.

Mais claramente se pronuncia Antón Risco, para quen o fantástico é o "elemento anécdótico que emborraña 'las señales de su referente'". Amplía este autor, porén, as posibilidades do fantástico á propria enunciación.

Con efecto, na literatura contemporánea, co degrau de experimentalismo que conleva, é decote a propia enunciación a que fantasiza o relato ó facer imposible a recuperación racional do mesmo. Un exemplo clásico de tal tipo é *La continuidad de los parques*, de Cortázar.

Semella, pois, importante o deixarmos a porta aberta a este tipo de relatos, tan abondosos hoxe.

Xa temos logo unha posibilidade de definir o fantástico como o efecto producido nos personaxes que comparten a anécdota, arredor dun acontecemento determinado.

As posibilidades concretas de realización a partires desta simple definición son sen embargo moitas. Podería acontecer que o propio suceso fose, pola sua natureza, fantástico, independentemente das causas que rodearan a sua percepción; e na maioría dos casos é esto o que acontece. Pero tamén é posible que a sua fantasticidade dependa de circunstancias alleas ó mesmo: estados alterados da percepción, tais coma sicses ou drogas. Claro que na medida en que tales causas se expliciten (e compre recalcar esta palabra) o fantástico deixa de existir, xa que o acontecemento é recuperado pola racionalidade.

Tamén podemos partir dunha perspectiva puramente intertextual, na que toda referencia ó lector implícito quedaría marxinada e o fantástico non remitiría máis que as reaccións dos persoaxes. Ou, pola contra, extratextual, en cuxo caso é preciso contar coa referencialidade implícita a toda lectura. Eric Rabkin exemplifica tal enfoque e Antón Risco o segundo, que semella máis fructífero xa que, sen excluir a primeira, ten en conta que non é razoable o perder de vista que todo texto implica a sua execución no acto de lectura. Imos ver no seu momento como certas submodalidades da literatura fantástica non poderían tan siquera ser definidas sen considerarlos ó lector implícito.

Agora ben. ¿En que contexto nos atopamos que nos permite siquera falar de acontecemento fantástico? Como apontamos ó comenza evidentemente no "realista", é dicir, no suxeito ó contrato de lectura así chamado. Un contexto caracterizado polo asentamento dunha Realidade unívoca ou que, cando menos,

encobre afanosamente a sua inestabilidade.

A totalidade da crítica semella non ter dúbidas de que a forza do fantástico, a sua capacidade de ruptura, está en relación directa co carácter inequívoco da Realidade de base figurada no texto en custión. Así o fan Belevan, Todorov, Risco e Caillois. O segundo sulígia que o fantástico propón unha identificación do lector implícito co (s) personaxe (s), identificación que é somente posible na medida en que o mundo figurado se rixa polas mesmas leis para ambos os dous.

Pero esta situación de base na que se nos figura unha realidade inequívoca semellante á nosa nas leis que a rexen non é a situación na que nos achamos sempre ó enfrentarnos cos textos. Temos aqueles casos nos que o mundo figurado se mostra totalmente esiliador, non tanto pola propia natureza dos fenómenos como polo feito de que os personaxes semellan aceitálos coma normais. Falar aquí do efecto fantástico é xa más problemático, e seguindo a Todorov ainda imposible. Con efecto, na medida en que nese mundo, que se ven chamando "maravilloso", todo é posible, ese "intre de dúbida" do que fala Todorov non parece poder xa existir. (Aquí compre ter en conta, porén, que Todorov define o maravilloso no corazón mesmo do fantástico e a partires da supresión do mesmo; e dicir, que o maravilloso non somente se contrapón ó fantástico que existe a expensas daquel).

En certo xeito coincidente atopamos a actitude de Caillois. Para este autor o maravilloso (traducción que eu me permito aquí do que el en realidade denomina "fantastique d'intuition") ocupa un lugar secundario na medida en que constituye un mundo chousco, ordenado paradoxalmente arredor do eixo do seu propio caos, regular e institucionalizado. E ainda así, precisamente porque o maravilloso semella revestido desas leis que o regularizan, e na medida en que Caillois caracteriza o fantástico como elemento de ruptura, ten o autor que admitir a posibilidade dun fantástico no seo do maravilloso. Un fantástico que viría a desinstitucionalizar ese "fantastique d'institution".

A sua observación é tanto más pertinente canto que é difícil pensar hoxe na existencia dunha narrativa "de fadas" serva das mesmas leis que a tradicional. A autoconsciencia que amosa nos nosos días a criación literaria, a proclividade, máis ou menos paródica, á actuación sobre dos xéneros tradicionais chaman a nosa atención verbo da posibilidade dun maravilloso no que o fantástico pode ser introducido.

Pero xa que o fantástico e o maravilloso semellan mesturarse e confundirse, conviría cecasclar un pouco o senso un tanto ambiguo que adquire o primeiro destes termos.

Todorov, Caillois e Risco titulan respectivamente os seus ensaios sobre do tema, *Introduction à la littérature fantastique*, *Au cœur du fantastique* e *Literatura y fantasía*. Vemos como todos eles tecen as suas reflexións en principio arredor do "fantástico", e, noustante, os tres autores falan dabondo nas suas obras de modalidades (xéneros para Todorov) próximas ó fantástico, como o "maravilloso" en distintas variantes. Semella logo que a palabra "fantástico" define primeiro en xeral todas aquelas modalidades literarias nas que se producen acontecimentos sobrenaturais do tipo definido e, ademáis, unha modalidade xa

# fantástica

más específica na que se darian certos riscos característicos.

Os tres autores concordan en reservar o nome de "fantástico" para aqueles casos nos que o fenómeno se amosa de xeito más rupturista (Caillois), ambigüo (Todorov) ou embrullador total do seu referente (Risco).

Pero vemos como estas diferencias se mantéñen ainda nun ámbito dabondo subxectivo. Compriría pois marcar lindeiros más definitivos, que van tanxir precisamente ás relacións entre os persoaxes e os sucedos sobrenaturais.

Poderíamos entón encetar unha primeira división no ámbito da literatura do fantástico (división que ven sendo aceptada xa como útil e exposta polo miúdo no ensaio de Risco):

a) a *modalidade fantástica*, na que os fenómenos de ruptura acontecen nun medio figurado realista, e dicir, correspondente ó do lector implícito e máis ó dos persoaxes cos que este se identifica.


b) a *modalidade maravillosa* ("fantastique d'institution", para Caillois), na que os fenómenos de ruptura teñen lugar nun mundo figurado xa de por si ó marxe da figuración realista, un mundo totalmente exiliador.

Na medida en que, seguindo tanto a Todorov como a Risco, consideramos ó lector implícito como elemento fundamental na xénese do fantástico, vemos a partires destas duas grandes divisións ata que punto operan de xeito distinto e ainda diverxente. Así, na primeira modalidade é a identificación do lector co(s) persoaxe(s) a que posibilita a formulación do efecto fantástico: o lector é invitado a partillar as experiencias do persoaxe/heroi, e tal comunión é posible mediante a equiparación dos seus mundos respectivos. Na segunda, porén, ¿como identificarse con persoaxes que aceptan os feitos más extraordinarios como normais?. Anque compre sinalar que mesmo neste segundo caso dase unha participación do lector ¿De que tipo? Dependería un pouco de circunstancias aleatorias, pero poderíamos apontar que "inxenua", "lúdica" ou "simpática". Mais casuísticamente, "infantil". Atrevriame eu a asimilarla á que Caillois chama "lecture" institutionalisé". E compre suliñar que tal xeito de lectura tería por forza que equidistase tanto como da lectura referencial das lecturas "alegórica" ou "poética", e dicir, de calquera tipo de lectura que implicase unha reconducción dos fenómenos anecdóticos a un novo plano de interpretación asimilable ó realista: as afirmacións e feitos que se producen no relato teñen que ser aceptadas como tais e lidas co talante ó que invita o propio texto.

Naturalmente esta primeira división non da conta da inmensa variedade de matices que a literatura "do fantástico" presenta na concreción dos textos. Usando distintas variables, como por exemplo a orixe dos fenómenos prodixiosos, Antón Risco desenrola no libro citado unha chea de submodalidades exemplificadas por diferentes textos do ámbito literario hispánico. Remito, pois, ó lector interesado ó referido estudo.

Clareados xa, dentro da simplificación aquí necesaria, os conceptos de *fantástico* e *maravilloso*, vemos como as diferencias entre ambas as duas modalidades son considerables. Convén suliñalas e xuntalas en relación ós distintos elementos estructurais do discurso. Unha posible sinopse sería a seguinte:

FANTASTICO:



**Enunciación: a) narrador:**  
—Manipulador, na ambigüidade con que presenta os acontecimentos sobre naturais.

—Non rexeita ou disimula a sua presencia eventualmente contribuíndo a confundir ainda máis a anécdota.

**b) Lector implícito/narrativo:**  
Invitado a unha participación o máis inconsciente posible nos acontecimentos: de feito a identificarse co(s) persoaxe(s), a desaparecer.

**Figuración:** Amosa un mundo semellante ó real, no cal o fantástico vai ser introducido como subversión ou alteración desa cotidianeidade.

—Anécdota problematizadora, decote insólita, no senso de carecer de precedente no contexto da cultura na que se presenta. Ainda sen rexeitar os motivos folclóricos, tende á percura do novidoso.

—Figuración ambigua da anécdota.

## MARAVILLOSO:

**Enunciación: a) narrador:** —Con tendencia a desaparecer. Preferencia polo "showing" sobre o "telling", segundo a coñecida terminoloxía anglosaxona.

**b) Lector implícito/narrativo:**  
Invitado pola propia natureza do texto a unha participación en clave inxenua, lúdica e consciente.

**Figuración:** Mundo alleante, no que todo abraio queda supreso.

—Anécdota desproblematizada, decote vencellable ou reconocible no contexto da Tradición protectora, que define e ampara a sua lectura.

Poderíase tamén ampliar esta síntese ó campo da significación. Tal ampliación é aínda imprescindible ó considerarmos unha obra concreta pero xa é de más difícil ubicación nun esquema como o exposto. Aínda así, e tendo en conta os datos da sinopse, non parece aventurado afirmar que as modalidades do maravilloso teñen un carácter más conservador que as do fantástico. (Neste senso a calificación de "fantastique d'institution" de Roger Caillois atribuise as primeiras é xustificable).

En todo caso compre entender que o estudo da literatura do fantástico é enormemente importante no contexto dunha cultura dada. En principio a sua simple presencia implica un desexo de trascender o estreito marxe da figuración realista para expresar ocultos deseños e aspiracións insatisfeitas, tanto dos individuos como da colectividade. Neste senso a calificación de reaccionarias decote atribuído ás figuracións fantásticas é evidentemente impropio. Afinal o que estas implican dende un punto de vista antolóxico é un desejo de loitar contra a Necesidade mesma, sexa esta a das leis físicas da Natureza, a da Historia, ou outras a das convencións da literatura calisquer. Se procederemos a lectura alegórica<sup>7</sup> de moitos relatos en concreto, veríamos decote como representan un xeito de crítica mesmo sistemática e coherente da realidade social. Pensemos na coñecida "Animal Farces" de Orwell.

En fin, e xa no contexto da nosa literatura, o exame das modalidades fantásticas pode e debe ser lido a luz da nosa complexa historia sen in-

correr en marxinacións apriorísticas que en nada axudan á comprensión de aquela. E esto sen caer tampouco en mitificacións que non se corresponden coa nosa historia literaria e das que esta está chea dabondo. Non temos unha literatura marcada polo sentimental nen polo fantástico, non abordan más nela as brétemas que a aguda penetración intelectual ou a mais minuciosa e crúa descripción da realidade.

Todas as modalidades nas que se podería dividir a nosa literatura significamos na mesma medida. A autonomía do mundo despregado pola literatura non exclue a sua necesaria referencialidade ó noso. As modalidades do fantástico están finalmente artelladas arredor dos mesmos materiais que as chamadas realistas e, dende logo, responden ós mesmos temas e teimas (mínimos, como se ten apontado tantas veces) que éstas.

Digamolo dunha vez: a natureza ontolóxica dos persoaxes e situacions figurados polo realismo é a mesma que a dos persoaxes e situacions figurados nas modalidades do fantástico: ficción.

O exame da nosa literatura fantástica é imprescindible para desvelarnos importantes riscos do noso ser colectivo. Finalmente, e a pesares do que suxiran deficienteas lecturas da crítica contemporánea, un dos fundamentais ouxetivos de calquera estudo literario.

## NOTAS

1.- Faise necesaria esta disxunción xa que, como imos ver no seu momen-

to, non en todos os casos os fenómenos anecdóticos (é dicir, os que teñen lugar no relato) son incompatibles co mundo despregado no texto.

2.- M. Vargas Llosa, citado por Harry Belevan, in *Teoría de lo fantástico*, Anagrama, Barcelona, 1979, pág. 120.

3.- Harry Belevan, op. cit., pág. 86.

4.- Tzvetan Todorov, *Introduction à la littérature fantastique*, Ed. du Seuil, Paris, 1970.

Harry Belevan, op. cit.; Jean Bellemin-Noël, "Des formes fantastiques aux thèmes fantasmatisques" in *Littérature* n.º 2, Larousse Université, 1974; Roger Caillois, *Au cœur du fantastique*, Gallimard, Paris, 1965; Antón Risco, *Literatura y fantasía*, Ed. Taurus, Madrid, 1982. A lista non é, desde logo, exhaustiva. Tanto Belevan como Risco fornecen nos seus respectivos libros estensas referencias.

5.- Eric Rabkin, *The fantastic in Literature*, Princeton U. Press, New Jersey, 1976.

6.- Enténdese aquí, claro, por "lector implícito" a ese destinatario abstracto da narración, en oposición ó lector real, de quem, por sernos descoñecido, non podemos postular cousa algúna.

7.- O que non sería contradictorio co que afirmaba antes da impertinencia da lectura alegórica no momento de clasificarmos un texto dado na sua correspondente modalidade do fantástico. A interpretación alegórica sí me semella adecuada cando queremos dar conta da(s) posible(s) significación(s) dunha obra concreta. ○

# Nos libros

Por Román Raña Lama



**D**esde que o latino dixese que as palabras voaban e que o escritor permanecía xerou-se unha sublimación da palabra escrita. De tal modo este misticismo literario arraigou no espírito dos homes que até o mundo foi comparado con un libro, ao igual que a vida e o futuro. Tamén o libro foi comparado con un fillo perdurable. Toda esta platónica terminoloxía non facía más que expresar o asombro perante un feito dilacerante: o libro sobrevive ao autor. Sobre todos estes temas escriberon-se, á sua vez, muitos libros; neste artigo anotarei algunas curiosidades electivas.

En primeiro lugar sabemos que o libro non elege o leitor, mas tamén sabemos que Cleopatra non elegeu a Shakespeare para que cantase o seu intenso suicidio; nem César optou por Lucano para que perenizase a liberdade dos ferros na mañá da Farsalia. Estamos, pois, diante de feitos consumados e imodificables. Cando a erudición ou a verosimilitude fallaban, os autores antigos recorrian á mención de libros apócrifos, moda que chega ao cumo cando o mesmo Cervantes, ben avanzado o *Quixote*, nos di que o que estamos a ler é o libro dun confuso árabe, Cide Amete Benengeli. Nos nosos días Lovecraft e Borges prodigaron con pre-ciso fervor idéntica técnica.

O feito mais admirábel, ainda mais asombroso que o eterno eloxio dos homes que instauraron unha forma, un mito, unha reiterada metáfora; eses escritores ineludíbeis que chegan pontualmente e que con cer-

teza nos abruman e emocionan; mais admirábel, digo, que a inexorábel felicidade que algúns textos emanan e que secularmente lemos; é a existéncia de grupos sucesivos que, en tempos e lugares e línguas diferentes, adoran os Libros, buscan neles non tanto a posibilidade da fruición, como a auténtica razón de seguiren existindo e actuando no mundo; son grupos que congregan os seus ímpetus e as suas zozobras para erradicá-las através dos Libros, da Biblia naturalmente e do Alcorán, e os Vedas.

É ocioso referir o influxo que os libros exercen sobre as persoas. Non falo dos libros didácticos, morais, relixiosos, filosóficos ou ideolóxicos. Trata-se da influencia que un libro exerce sobre o leitor. A obra mestra de todas as épocas é o *Quixote*. Un tosco fidalgo de vida cetrina transforma-se, pola copiosa leitura de libros fantasiados, nun cabaleiro anacrónico e audaz, cuxo destino exemplar é padecer os opróbrios da vida ordinaria que non aceita a sua singularidade. O ámbito é a poeirenta Castela e as diseminadas ventas manchegas do dezesete.

Flaubert recolle o tema e tanxencialmente converte unha anódina drama de provincias nunha desaforada e cíclica amante. A esteira de Flaubert é seguida por dous escritores peninsulares: Leopoldo Alas e Eça de Queirós, o primeiro dos cais con menor intensidade, o segundo de maneira explícita. En ambas obras unha muller facendosa rompe coa sua vida matrimonial e doméstica para cair nos brazos dun mero casanova. En *La Regenta* Ana Ozores sente o hábito dun sapo no final do romance. A protagonista parece-se mais a Emma Bovary, o seu marido senil permanece difuminado pola sua cegueira e a sua inocéncia. En *O primo Basilio* Luisa enche as teñidas tardes lisboetas con lecturas románticas: Walter Scott, Dumas fillo, etc. A aventura de Luisa, aproveitando a ausencia profisional do esposo, é un acto prometeico; mentres que para Basilio non é mais que unha frivolidade ou un pasatempo. Luisa morre e Basilio comenta o seu deceso como quen fala dunha carreira hípica. Dicíamnos antes que en Eça de Queirós é mais patente o influjo da literatura. Lembremos este trecho: "E saltando na punta do pé descalço, foi buscar ao aparador por detrás de uma compota um libro um pouco enxovelhado, veio estender-se na volta, quase deitada, e, com o gesto acariciador e amoroso dos dedos sobre a orella, comeou a ler, toda interessada". Só con estas pinceladas domésticas vemos a muller displicente, asimilando a letra impresa, alagando-se de herois e de episódios líricos.

Das inúmeras referencias a libros dentro de libros, hai unha esplendorosa entre todas. En *As mil e unha noites* un dos avatares que mais me impresionou foi o que lle aconteceu ao médico Dubán e ao rei grego; podo agregar que a primeira vez na historia da literatura que un libro é empregado como unha arma vindicativa. Lembremos a narración: un rei padecía unha enfermidade estrafía, un médico sábio cura-o; un inimigo do rei asegura que o terapeuta é un impostor e que en realidade quere-o matar. O rei grego, como gratitud, manda decapitar ao médico que o curou; este suplica, como último don, que lle deixe traer un

libro que garda na biblioteca e que ten a seguinte propiedade: cando lle corten a cabeza o rei deberá pasar un determinado número de páginas, entón a cabeza falará, respondendo a calquer pregunta e regresa co libro. Unha vez cortada a cabeza o rei pasa as páginas humedecendo os dedos cos lábios, pois as follas están pegadas entre si. O rei morre, pois Dubán, para vingar a sua morte, colocou veneno nas pegadizas follas do libro. O conto é extraordinariamente formoso e intelixente (1), é o único caso en que un libro é un instrumento directo de morte.

En poesía os exemplos onde aparecen libros son mais numerosos. Soamente apontarei algúns. Primeiramente, o caso mais esclarecido é o soneto de Quevedo intitulado "Des de la Torre", en cuxo primeiro cuarteto achamos esta macabra sinestesia:

*Vivo en conversación con los difuntos  
Y escucho con mis ojos a los muertos.*

(Parnaso, 115)

Naturalmente os ollos len as palabras dos mortos que escreberon os libros predilectos de Quevedo: as severidades métricas de Horácio; as locucións elexíacas de Propércio; os xocosos escólios de Pérsio e Juvenal; as estritas moralidades da teoxia barroca. Este magnífico soneto é unha profesión de fé face os libros, é que non falta a modestia.

*Si no siempre entendidos, siempre abiertos.*

Un caso de mistificación dos libros temo-lo en Mallarmé que declarou: o mundo existe para chegar a ser matéria dun libro. Esta orgullosa primacia do literario non é mais que a plasmación da propia vida de Mallarmé, exenta das intempestuosidades insones de Baudelaire ou de Rimbaud. Sosegado e distante, afastado da actividade banal, escrebeu nas soledades solícitas do crepusculo, con dolorosa introspección. Aca-so Mallarmé só quixo dizer que toda a sua vida e o universo inteiro eran matérias aproveitábeis para un libro, para seren escritas e perenizadas; aca-so tamén quiso expresar a superioridade da literatura sobre a vida. Aserto que xa preconizara Wang Wei cando postulou que para o cultivo das letras non cumpre o trato mundanal. De todos modos a sua obra supera estas resentidas deficiencias ou altanarias; cheia dun copioso candor pola palabra, de amores botánicos; escrebeu poema de limpidez imborrábel. Nun deles lamenta-se da cor branca da páxina que espera ser enhida.

O libro tamén serviu para ser obxecto de comparación. Asin o mesmo Mallarmé di: *De mon esprit pâliu comme un vieux livre*. A comparación é francamente orixinal, a alma do artista é como un libro antigo, fenecente. En *As mil e unha noites* tamén encontramos outra comparación libresca: "a agua é como unha branca páxina aberta". Shakespeare, que non foi allelo a estas equiparacions, ama tanto a dama que chega a desexar, no seu soneto LIX, o seguinte:

*O, that record could with a backward look,  
Even of five hundred courses of the sun,  
Show me your image in some antique book  
Since mind at first in character was done.  
(Oh, se pudese a memoria, retrocedendo na sua mirada/ até quiñentas revolucións do sol/ mostrar-me a voi-*

sa imaxe en algun libro antigo/ xa que a alma se expresou primeiramente en letras). En realidade o anelo de Shakespeare é de indagar na psicoloxía de antano para saber se antigamente a beleza da amada era eloxiada de igual maneira que na época do autor saxón.

Na nosa área lingüística temos tres exemplos. O primeiro é de Álvaro Cunqueiro. O poema fala de Paltiel que le no Antigo Testamento a sua propia historia e chora: "As bágoas estaban sobre as letras/ do Libro". Paltiel sofre de forma dupla: por un lado penou pola amada Micol, derramando as lágrimas polas terras hebreas; mais tarde, depois de morto, Paltiel sofre ao ler a sua historia no Testamento. Este padecemento tamén pode ser duplo: sofre por si, por ver repetida e eternizada a historia e ao mesmo tempo pola publicidade do opróbrio. O feito en si tiña de ser patético. Cunqueiro, fabulador irónico, sorri nos últimos versos, burlando-se do traumado protagonista do poema:

*Non entendo por qué Yahvé quixo  
que a miña historia quedase pra sempre  
coas miñas bágoas de Bajurim, en  
/Samuel, 3, 14,  
desesperadas.*

As lágrimas contemporáneas de Paltiel unen-se coas lágrimas bíblicas através do libro que o vincula co pasado, que o identifica co presente. O verso final do poema desmerece o conxunto.

O segundo exemplo é o desexo de Pessoa. Xa falamos de Mallarmé e dunha personaxe histórica. Fernando Pessoa, poeta das fulguracións do *eu* e dos impudores metafísicos, escreve:

*Fosse eu uma metáfora somente  
Escrita nalgum livro insubstancial  
Dum poeta antigo.*

(Passos da Cruz, VIII)

Estraño propósito de Pessoa. O libro asombra-nos. Acaso non é un soño ou un milagre que alguén, fora do tempo, promulgue a sua tristeza, xúbilo ou terror, através das décadash? Pessoa asombra-nos ao querer ser só parte dese libro perene. Cada noite, como cada libro, ten unha orixe imposible. Fernando Pessoa, quizá sen constatarlo, tecel a sua vida con saber de metáfora. Nas suas vixilias visionárias, nas suas abdicacións etílicas, nos exaltados e fervorosos eclipses de personalidade, encontramos o destino impar do escritor.

Antero de Quental deixou escritas estas palabras: "é o tormento/ de quantos sobre os livros desfalem". Ali está o drama dos escritores sentimentais, dos que senten como verdadeiros os signos ficticios dos libros; dos que dialogan imposiblemente con persoas mortas, con simples espectros; dos que cren que a vida é un medio para a literatura; dos que sofren lendo un libro e dos que sofren escrebendo-o; dos que os mandan incinerar, como Shih Huang Ti, para anular a memoria do mundo ou como Kafka e Vergiliu, por considerá-los obras defectuosas do seu espírito de ourives. Os libros, ese expectantes e mudos compañeiros, esconden ainda mais segredos. Ainda hoxe me pergunto, con intenta curiosidade, que escrebeu Jesus nas areias bíblicas, que palabras, que desexo, en que linguaxe escrebeu Deus os seus pensamentos, que San Joam non nos quiso revelar. O

# Ecoloxía e Paz

Por Carlos Vales

Hai algún tempo que tienen a oportunidade de falar en público, por segunda vez, do tema título deste artículo. Tema que ven sendo obxecto de preocupación prioritaria por un grupo reducido, demasiado reducido, de xentes militantes, nesta nación marxinal e inda criadora. A paz, palabra para encher ampulosamente a boca, pertencente ao grupo das de significado esvaido de tan manipulada, referencia sen embargo necesaria para enfrentar a destrucción planetaria, e a ecoloxía, moda superficial e parte da conciencia da nosa época que permite cavilar sobre casi todo. Non vou reproducir a conferencia. Voula utilizar como disculpa para falar da paz desde a miña Terra e a miña ideoloxía, para pedir compromisos e (intentar) dar ideas.

Achegareime ao tema desde tres espazos de reflexión distintos pero converxentes. O primeiro, o da guerra Nuclear, a sua posibilidade e as suas consecuencias.

Hai que empezar por afirmar que a guerra Nuclear é posibel, e non só iso, senón que ten unha porcentaxe de probabilidade de realizarse demasiado grande, que se incrementa co tempo. Acostumados á análise racional da realidade, consideramos que algo tan irracional é practicamente imposibel que aconteza, ¿Cómo imos (van) forzar á historia en algo que a ninguén interesa?. Pero as nosas análisis evolucionan máis lentamente que as tecnoloxías e a lóxica armamentista. ¿E si resulta que os euromísis non son só más foguetes nucleares senón algo radicalmente distinto aos anteriores?. ¿E se alguéun se está plantexando gañar unha guerra nuclear e cre que pode gañala? Porque para gañala hai que facela.

As estratéxias militares do Pentágono estanxe refacendo con este obxectivo, gañar a guerra nuclear, así que nen siquera fai falla considerar a posibilidade dun accidente ou erro como desencadeante, da mesma, a pesar de que coa acumulación de arsenais e coa redución do período de posibel toma de decisións até a estadística acabe por facela inevitábel.

¿Que acontecería en caso de guerra Nuclear?. Podemos resumir decindo que o mao non serían os mil millóns de mortos iniciais nin os mil millóns de afectados en diverso grau por queimaduras, feridas ou radiación sen infraestrutura médica capaz de atendelos siquera minimamente. O mao viría despox. Comenzaremos a imaxinarnos o panorama si consideramos que a explosión dunha bomba de 1 MT (megatón), que equivale a un millón de Tn. de TNT, levanta unha masa de pó entre 100.000 e 500.000 Tn. e que dez minutos despois da explosión o oitenta por cento do pó tería acadado a estratosfera precisándose meses para que se císque e caia outravolta ao chan. Si temos en conta que os arsenais actuais incluen unhas sete mil cabezas nucleares de máis de 1 MT, a cantidade de pó levantado por soio unha parte destas, sumado aos fumes producidos nos numerosos incendios subseguintes ás explosións, suponaría no Hemisferio Norte un baixón de temperaturas hasta —25 ou —40°C e que a luz diminuira hasta un 1% do seu valor actual. Resumindo, teríamos durante semanas e incluso meses un clima similar ao de Groenlandia en inverno e unha luminosidade a pleno dia equivalente a un claro de lúa meo.

Non acaban aquí os males, as zonas costeiras sofrirían violentas tormentas debidas as diferencias de temperatura entre os océanos e a terra. E habería que engadir outro factor de destrucción, a caída retardada de compostos radiactivos asociada á lenta precipitación de pó e partículas desde a estratosfera. Esto non duraría eternamente e acabaría volvendo a luz. ¿E entonces...? O aumento de insolación produciría o derretemento dos xeos formados anteriormente polo que terían lugar grandes inundacións. Moito más grave sería que ao estar destruída a capa de ozono que protexe á Terra dos raios ultravioleta do sol estos entrarian na sua práctica totalidade, e como queira que o plancton é especialmente sensibel a estas radiacións, morrería o até daquela supervivente e con él todas as cadeas alimenticias de seres vivos do mar e das augas doces. Tamén as prantadas superiores e os animais son afectados. Merece ser comentado o efecto dos raios UV sobre o sistema inmunitario humano, é dizer o sistema de resistencia ás enfermedades, porque co desexo queirán ao descuberto multitude de cadávres e comezaría a sua putrefacción, proliferando os

andázos. Situación, como se pode comprobar, ideal para enfrentala sen alimentos e coas defensas do organismo destruidas.

A guerra Nuclear permitenos representar na imaxinación un mundo arrasado, de homes supervivientes cegados polas radiacións e acochados durante o dia en cavernas para protexer o seu corpo das queimaduras mortais das radiacións. Un mundo no que só algúns grupos de prantadas e insectos podería sentirse a gusto. Un mundo en calqueira caso moi distante de falacías como "The Day After", un mundo no que a posibilidade da extinción humana cabe dentro do real.

Alonxar esa posibilidade é algo que nos molla a todos, e salpica desde ben perto. Porque non se trata de que esteamos en contra da guerra Nuclear (¿quén non o está?), sinón de que comprometamos os nosos esforzos para evitala. A nosa contribución pasa pola saída, o intento de saída, da OTAN. Cómo permitir, inactivos, que se fortaleza o bloco militar que catapulta a carreira de armamentos, que mete bombas atómicas nos macutos dos seus soldados, que se prepara para asestar o primeiro golpe. Obrigando a que seña nestos termos nos que se dea o debate, sae a relocir debaixo das palabras de contribución á defensa do mundo libre (sic.) o carácter dos vendepátrias e o compromiso cos xenocidas.

O segundo espazo de reflexión ven enmarcado pola brutal militarización das sociedades e do mundo, pola que as actividades militares están dilapidando unha cantidade tal de recursos e de enerxias humanas que semella que o Homo Sapiens estivera ao borde da deméncia. En 1980 foron o equivalente a 110 dólares por cada home, muller e neno do planeta os gastados en actividades militares. Os recursos humanos adicados a estas actividades foron superiores a 50 millóns de persoas, e máis de cen millóns teñen que ver directa ou indirectamente con este fin. A actividade de investigación militar é moito superior, por exemplo, á exercida en tarefas de enerxía, saude, agricultura e loita contra a tramita-

ción consideradas xuntas. Mais do 20% dos técnicos e científicos do mundo traballaban en tarefas militares na década dos setenta, 2.279.000 científicos e enxeñeiros en 1973. En canto aos recursos do planeta, o consumo mundial con fins militares de materias primas como o alumínio, cobre, níquel e Platino é maior que a demanda conxunta de África, América Latina e Asia, China incluída. O consumo de petróleo en actividades militares supón un 5 ou 6% do total mundial equivalente a cerca da metade do consumo de todos os chamados "países en desenvolvemento".

Hai que ter en conta que a tendencia é a empiorar. Canto máis modernas son as armas, máis recursos precisan. Un modelo de avión de combate que nos anos cincuenta levaba un 8-10% de titánio precisa actualmente un 20-25% deste metal este. O desplegue de doucentos proxeccións balísticos intercontinentais móveis e con base terrestre require o emprego de 10.000 Tn de alumínio, 2.500 Tn. de Cromo, 150 Tn. de titánio, 24 Tn. de Berilio, 890.000 Tn. de aceiro e 2,4 millóns de Tn. de cemento. Qué dicer do uso do território. Areas vírxes do planeta son violadas por estacións militares, o despregue de novas armas require de extensións de uso exclusivo cada vez meirandes (15.000 Km<sup>2</sup> no caso dos MX), a realización de manobras absorbe máis e máis extensións de terreiro, e as probas nucleares atmosféricas inutilizan indefinidamente zonas enteras do planeta, ademáis de contaminalo na sua totalidade.

Estas aberracións militares non se xustifican por si mesmas. Son o exemplo exasperado do intento de manter o orde mundial imperante, e non hai que ser un lince para comprobar a sua inxusticia. Hai que ser, eso si, antiimperialista. A guerra é a continuación da política. E a guerra semella ser a única política capaz de manter un sistema no que os privilexios duns poucos se consiguen a costa da miseria e horror para a maioria. Cada ano que transcorre é un machadazo ao noso futuro. Os espacios vírxes do planeta arrasados, os seus recursos expliados, a conta-

minación degradando esta bola azul na que as especies se extinguén como as borbullas de gas se extinguén nunha botella aberta, mentres o nuclear prolifera e o mundo terceiro non só suministra matérias primas e man de obra "pret a explotar sinón cuicos humanos nos que experimentan e basureiros de produtos tóxicos, radiactivos a dos outros.

O militar é o instrumento de dominación, o que garantía a preponderancia, o que paraliza as arelas de liberación. De tanto cumplir a súa función política, hipertrofiouse, até tal punto que ameaça engolido todo. Combatamos pois o militarismo e a militarización, porque baixo as suas pontas todo enxoita porque o seu fedor ameaça contaminar todos os manantiais que con tanto suor abrimos na rocha intratábel.

O terceiro achegamento chámase Galiza. Ser perifería central (topolóxica que non topográfica, relembrade) hasta nisto nos condiciona. Estamos no centro do torbello. A guerra nuclear non nos deixaría á marxe en ningún caso pois estamos no centro do Hemisferio Norde, e que orgullosos se sentiran algúns de comprobar de que somos centro! Esforzarse en evitala non é un problema marxinal nesta marxe atlántica.

Outra cousa. ¿Cómo cuestionarse o noso estatus, o noso expolio e dominación, dentro dunha estrutura militar que persegue ante todo manter o estatus e que considera subversivo todo aquello que o custione?. A OTAN e a liberación dos pobos son incompatibles e ante o "enemigo exterior" todo está permitido para manter a orde interna. Será por iso que se estableceron servizos de intelixencia co fin de controlar e vixiar a os elementos críticos dentro do territorio da Alianza. Que lles pergunten aos movementos británicos para o desarme nuclear, cuxos membros está previsto que sefan inmediatamente detidos en caso de perigo de conflito directo para evitar as suas nocivas influencias sobre a poboación. O noso caso non seria diferente, así que vaimos facendo previsións.

Cavilemos: vixiáncia dos servizos de intelixencia da OTAN, manipulación informativa, nacionalismo popular = subversión e, reflexionemos: misis + bases militares: Galiza está situada nunha área moi importante para o tráfico aéreo-naval. Por diante das nosas costas pasa unha das rotas mariñas más importantes do mundo que é vital controlar desde o punto de vista militar, para o que fan falta bases. As nosas costas constituen pola súa topografía e siuosidade lugares ideais para o desembarco das tropas americanas e canadienses en caso de conflito en Europa, e para manobras. O noso territorio, polo lonxano e accidentado, ofrece indudábeis garantias para a instalación de silos nucleares de misis de cruceiro e similares.

A loita pola paz móllanos a todos. Non unha paz abstracta e inviábel, que lexitime o estatus actual, a inxustiza, o expolio e a explotación, porque será iso, inviábel. Si unha paz que se enfrente ás tendencias belicistas, ao imperialismo, á proliferación nuclear, á dominación dos pobos, á militarización da sociedade civil, ao control social dos cidadáns, á propaganda manipuladora. Mollémonos pois, para seguir sentindo o calor do sol pegándonos á pel o salitre. O



# Os sistemas semióticos,

Por Antón Baamonde

**¿S**on os sistemas semióticos, e en primeiro termo a lingüaxe verbal unha superestrutura? Sen dúbida esta cuestión ten unha trascendencia especial pois a superestrutura inclúe "strictu sensu" as instancias xurídico-política e ideolóxica e apartir de ai ou todo coñecemento e cultura son ideoloxía (e, en derradeira instancia, falsa conciencia) ou ben hai que replantexarse moi seriamente o significado desa noción.

Porque se ben é certo que todo coñecemento está condicionado socialmente e, por tanto, tamén pola existencia de clases e a loita das classes iso non nos autoriza a reducir todo coñecemento e cultura a ideoloxía.

Observamos tamén que se é posíbel que toda cultura sexa considerada como "Un conxunto de procesos de comunicación baseados en sistemas de significación" entón a problemática da cultura (a memoria non hereditaria na expresión de Lotman remite á problemática dos sistemas de signos en xeral e da lingüaxe verbal en particular (sen esquecemos xamais que a praxe cultural e lingüística é parte integrante do proceso unitario de auto-producción do home).

En calquer caso a pergunta que nos facemos ten unha longa historia no marxismo. Unha historia cuxo suceso esencial é o debate entre Xosé Stalin e o lingüista soviético E.N. Marr. Nós, por unha vez e sen que sirva de precedente, imos ser un pouco eclécticos, un pouco conciliadores entre ambos.

Pero o que si interesaría destacar é que o momento é de crise do Estruturalismo e tamén daquela ciencia que pretendeu ser o seu modelo: A lingüística Saussureana. E interésanos destacar isto porque os criterios de Stalin son consecuentes cos de Saussure en varios puntos nos que, cremos, se equivocaban ambos. Pero vaimos por partes.

Naturalmente non nos interesa tanto unha descripción por-menorizada das bases da "Nova teoría da lingüaxe" —a doctrina de Marr e os seus discípulos— como as liñas xerais úteis para a discusión que aquí establecemos. Este principios son: a hipótese dos saltos, a definición da lingüaxe como feito de superestrutura e de clase, e preponderancia semántica.

*A hipótese dos Saltos:* segundo Marr non se debería falar de evolución lingüística, senón, ás avesas, de saltos —ou revolucións—; a dialéctica da mudanza lingüística está marcada por un constante nacemento e resolución de contradiccións e ten por efecto a liquidación de sistemas denanteriores e a aparición de sistemas novos. É así que se manifesta na lingüaxe o paso do cuantitativo (acugulamento de cambios menores) ao cualitativo (aparición dunha nova lingüaxe). As linguas, xa que logo, atravesarian varios estadios.

*A lingüaxe en tanto que superestrutura.* Os marristas interesabanse, maiormente, polos nomes designando uteis, ocupan-

ciones produtivas, relacions sociais etc. Eles pouco tomaban en consideración os aspectos formais, sintácticos e gramaticais das linguas. Estas teses serán, pois contestadas por Stalin en *Pravda* no ano 50. Pero hai dous aspectos que paga a pena ter en conta para comprendermos as circunstancias de deboura.

Por unha banda Marr era xa un vello lingüista cando triunfou a Revolución de Outubro e, segundo semella, as novas teorías tal e como foron coñecidas por él, quer dizer: a forma vulgata do marxismo-leninismo, suxerironlle solucionis coerentes coas súas investigacións pasadas. Alemparte o debate tiña unha trascendencia política evidente, o que é demostrable dende xa pola propia intervención de Stalin, que tiña como punto de referencia a política lingüística para as nacións da URSS.

E é que, evidentemente, o corolario das teses de Marr conducía —xa que a revolución era un salto cualitativo na base— á postulación dunha lingua única *proletaria* coerente con esa modificación e a abandonar a política de respeito aos idiomas nacionais. A intervención de Stalin xustificase, xa que logo, para denunciar esa absurdez total. Pero, cremos nós, nese empeño lexítimo o péndulo abalou de mais en sentido contrario.

Efectivamente, é certo, poñamos por caso, que Stalin ten razón cando pregunta ¿que foi o que mudou na lingüaxe despois de Outubro? O vocabulario, abofé, foi arriquecido por un certo número de expresións novas, pero non o fundo esencial do léxico, nin o sistema gramatical "que constitúen o fundamento dunha lingüaxe" foron liquidados ou reemprazados. Non hai, entón, un cambio de superestrutura lingüística que corresponda coa base. Así se desenvolve a argumentación de Stalin que conclúa: as linguas non son unha superestrutura; son, se cadra, e en calquier caso, semellantes aos instrumentos de producción, polo menos nun senso: as linguas "foron criadas para socorrer as necesidades non somentes dunha clase determinada, senón de toda a sociedade, de todas as classes da sociedade".

Certo, Stalin ten razón en boa parte da argumentación; pero ¿non é certo que se "do ponto de vista do materialismo histórico hai salto cada vez que hai paso dun estado cualitativo a outro, calquera que sexa o intervalo de tempo preciso para realizar 'entón o obxectivo de Stalin perde parte da posibilidade de ter un núcleo racional'". E é que, como salientan Marcellesi e Gardin: "a tese segundo a cal a evolución das linguas está condicionada unicamente polas súas leis internas é inaxeitada para explicar o fraccionamento dunha lingüaxe en dialectos diferentes poidendo dar nacemento a linguas cualitativamente novas". Así, a hipótese de Marr (ben lonxe do senso que o seu fundador lle deixa) pode, áinda, ser unha hipótese merecente de ser razoada e modificada para facela aceptábel.

*A lingüaxe en tanto que superestrutura.* Os marristas interesabanse, maiormente, polos nomes designando uteis, ocupan-

Stalin argumenta tamén: ¿non é certo que as mudanzas impostas despois de Outubro refirese a algún vocabulario pero non ao fundo esencial do léxico, nin ao sistema gramatical? E é posíbel que teña razón en parte. Pero ¿non é certo tamén que aquí, en Galiza, se fala ás veces con estruturas sintácticas galegas, pero en español, ou ás avesas?; ¿non é certo que a noción de estilo de Luis Prieto, "a maneira en que unha operación é efectivamente executada, na medida en que esta maneira non é a única posíbel, e foi conseguintemente obxecto dunha opción por parte dun operador" non é pensábel en termos individuais, senón histórico-sociais e inclúe aspectos "gramaticais"?; ¿non é certo que a noción de escrita en Barthes, "lingua e estilo son obxectos; a escrita é unha función: é a relación entre a criación e a sociedade, a lingüaxe literaria mudada polo seu destino social, a forma captada na súa intención humana e unida, así, ás grandes crises da historia" avanta tamén no mesmo senso e que, como Barthes teima, non hai unha escrita que non sexa significativa socialmente?; ¿non é certo que esa contaminación sintáctica do galego ou os estilos, as escritas espalladas socialmente, e non nos refermos só ás literarias, teñen moito que ver coa capacidade de penetración dos *mass media*, quer dizer, con aquello que Althusser chamara "Aparellos ideolóxicos do Estado"? Se todo isto é certo, total ou parcialmente, cremos nós que hai que ser asisado e se non é posíbel negar que en cada lingüaxe hai un aquel que a fai idéntica a si mesma, porén hai que salientar as diferencias lingüísticas (a súa existencia, queremos dizer), hai que ser consciente de que elas portan, traslucen e producen diferencias sociais e que esas diferencias lingüísticas atinxen tamén a aspectos formais.

Stalin, ao cabo, ten razón cando afirma que a lingüaxe "é un instrumento do pobo enteiro", que serve para satisfacer as necesidades "de todas as classes da sociedade". Pero ¿non é certo que, se callar, ese instrumento non teña o mesmo grau de utilidade para todos? ¿que, se cadra, serve de xeito desigual —segundo as classes e sectores— para satisfacer as necesidades do conxunto da sociedade? Así, cremos nós, Stalin é razonábel e persuasivo en boa parte da argumentación, pero non nos convence de todo porque:

a) Stalin presupón, como Saussure, que a lingüaxe é un feito social pero, á hora da verdade, os dous pensan a lingüaxe (*a langue*) como unha estrutura puramente formal, a-histórica, escindindo así o código e a comunicación, *a langue* e *a parole*, e pensando así a uso individual da lingüaxe como algo individual, psicolóxico no límite. Iso é coerente coas prácticas totalmente extensas na actualidade e coa concepción da lingüística como ciencia normativa da que o obxecto central é a descripción do sistema.

b) Vencellada á idea denterior está tamén a idea da lingüaxe como "media de comunicación" entre os homes; medio neutral e concebido, ás veces, case —na lingüística contemporanea no senso de *Teoría Matemática da Información*. Esquecense así as múltiples funcións da lingüaxe, incluídas as de segregación social, ou, ás avesas, as de integración. E, porén, esas dúas ideas deben ser revisadas porque, como o sinala perfectamente Calvet "responder pola estrutura, actualmente, é afirmar: a lingüaxe funciona como un instrumento de comunicación do cal eu vou descreber a mecánica. E esquécense nun pulo a sociedad, o individuo e as múltiples funcións da lingüaxe. Responder pola competencia é, abofellas, poñer o acento no individuo, no individuo productor, pero remite ao estatuto de modelo de producción, fóra das súas determinacións psicolóxicas e sociais. Nos dous casos abstracción, e por consecuencia, supresión da Historia".

Entón ¿en que principios se tería de chantar, ao noso xuicio, a mudanza de rumo na lingüística? Por unha banda en certos principios do pensamento marxista verbo da lingüaxe, salientados neste traballo, e que son basicamente:

1. A unidade profunda de pensamento e lingüaxe.

2. Na medida en que o pensamento é reflexo do mundo exterior, a lingüaxe é, ao cabo, coñecemento do mundo exterior e da realidade obxectiva. Aliás, a lingüaxe condiciona este pensamento e é, nesa medida, unha forza activa de coñecemento.

3. A actividade lingüística non se reduce á simple comunicación de ideas, xa que a lingüaxe posúe —xa dende o seu interior— toda a complexidade dos fenómenos sociais.

Alemparte nunha crítica do Estruturalismo que podería arteillarse ao redor destes puntos eleborados por Voloshinov, en 1930, no seu inédito hoxe vixente "O signo ideolóxico e a filosofía da Lingüaxe".

a) A lingüaxe como sistema estable de formas normativamente idénticas non é mais que unha abstracción científica que resulta productiva só en relación con certos obxectivos particulares, teóricos e prácticos. Esta abstracción non se axeita á realidade da lingüaxe.

b) a lingüaxe é un proceso xerativo continuo, realizado na interacción socio-verbal dos falantes.

c) As leis do proceso xerativo da lingüaxe non son en absoluto as leis da psicoloxía individual, pero non pode afastarse da actividade dos falantes. As leis da xeración da lingüaxe son sociolóxicas.

d) A creatividade lingüística non cadra coa creatividade artística nem con ningún outro tipo de actividad ideolóxica especializada. Pero, ao mesmo tempo, a creatividade lingüística non pode entenderse afastada dos significados e valores que contén.

e) A estructura da fala é puramente sociolóxica. A fala como tal, prodúcese entre falantes. O acto lingüístico individual (no senso estrito do vocábulo "individual") é *contradictio in adiecto*.

Así, o esencial é preocuparse non só polo sistema, senón tamén pola xénese e a produtividade lingüística. Voloshinov viña a proponer unha lingüística da fala; nesa liña habería, efectivamente, que traballar.

Compriría tomar como obxectivo do estudo o modo de producción da lingüaxe, non, naturalmente, no senso cartesiano e sospeitoso de loxicismo da gramática xerativa, senón como producto conflictual realizado por suxeitos colectivos e individuais. A este punto cremos nós que aponta Voloshinov cando afirma: "Ao cabo cremos que o problema de delimitación da psique (= suxeito individual A.B.) e da ideoloxía (produto estruturado dun suxeito colectivo. A.B.) pode resolverse no territorio unitario do signo ideolóxico que abrangue ambas" e despois: "a psique e a ideoloxía interpenetranse dialecticamente no proceso unitario e obxectivo do troco social".

Logo entón, en resumo:

É ilexítimo, para un marxista, expulsar ás linguas do terreo da historia; elas están vencilladas aos conflictos sociais: o xeito en que os dialectos chegan a ser linguas ¿nada ten que ver con circunstancias sociopolíticas?; as diferencias lingüísticas no interior dun mesmo idioma ¿nada teñen que ver coas relacións sociais?; os sociolectos ¿non venían sendo lugar de estigma e segregación social?; os idiomas como conxunto, e polos mesmos motivos que os sociolectos ¿non poden xogar, en contextos coloniais, o papel de superestrutura, segundo a sonada teose de Calvet?; a escrita —no sentido de Barthes— non é unha especie de estilo socialmente significativo correlacionando con grupos sociais e xeiras históricas?

Porén Stalin é lúcido cando se nega a admitir absurdidades (a pretensión dunha lingüaxe "proletaria") o mecanicismo (base —superestrutura; revolución— nova lingüaxe) o ultrapoliticismo (ao cabo é claro que todos, explotadores e explotados, formamos parte da mesma sociedade e que, xa que logo, podemos ter unha certa identidade lingüística).

¿Que ensinanzas tirar de aquí?

Primeiro: que mesmo o sistema dun idioma ten que ver con mudanzas históricas-sociais, ainda que, certamente, en lapsos de tempo moi amplos, e que, nesse senso, a teoría dos estadios de Marr podía conter unha boa intuición. Sería, entón, valioso que os estudos lingüísticos se encamiñaren a estudar esta fasquía da correlación entre linguas e circunstancias sociais comprendendo quer a xénese e a producción do cambio lingüístico, quer o estudo das posibles mudanzas sintácticas e semánticas.

# ¿Unha superestrutura?

Segundo: sería bon tamén estudar os trocos sintácticos, semánticos, suprasegmentais, etc. producidos por factores sociais e políticos no interior dun mesmo idioma.

Verbo disto pódese apontar que diferentes estudos de socio-lingüística venen a conectar coas dúas cuestións. Con efecto, a tese segundo a cal a desigualdade das linguas (diglosia) é un feito de superestrutura e un aporte valiosísimo para os estudos de mudanza lingüística motivadas por factores sociais.

Outros estudos de socio-lingüística teñen referido a existencia de dialectos sociais (no interior do mesmo sistema de *langue*) e rexionais (quer dizer no interior dun mesmo sistema pero con diferencias territoriais). O primeiro é obvio dabondo para escudir toda explicación: abonda con dicer que os dialectos sociais son sociais; pero, os rexionais ¿non son sociais?. Si, si o son.

Sábese que a famosa contradición que Mao formulaba entre campo e cidade é o efecto dunha maneira dada de producir a vida con raigañas na importancia para o capitalismo de agrupar masas proletarias en concentracións fabrís para ter unha reserva de man de obra que tirase á baixa dos salarios... etc. Ou sexa as diferencias entre territorios son tamén sociais. Pois ben, a extensión da "civilización" impide considerar hoxe os dialectos como o producto lingüístico dunha sociedade montada encol duns particulares alicerces ecolóxico-culturais. Non, hoxe a extensión planetaria da "civilización" convierte tamén aos dialectos en xeito de identificación social en senso xerárquico.

A eito comprobamos, xa que logo, que o esencial na actualidade non é a descripción do sistema estático da *langue*, senón, mellor, analizar o proceso xerativo dos idiomas e no seu interior das diferencias sociolectais, mesmo das "xergas". Unha análise que non se limite a reverar, de bico para fóra, que a lingua é un "feito social", senón que leve esa afirmación ás súas derradeiras e precisas consecuencias.

Collamos agora a cuestión de superestrutura dende outro angulo.

Galvano della Volpe, o célebre filósofo marxista italiano na súa "Crítica do gosto" facía unha profunda observación nas notas ao capítulo terceiro da citada obra. Di así: "lingüística staliniana: Stalin non ten razón ao contradise, tendo admitido de Marx —contra Marr— o principio (descoberto por Herder e Humboldt) de que *non hai pensamento afastado da lingua o que implica* —unha vez que a superestrutura ‘comprende’, como el di, ‘as ideas políticas, xurídicas, relixiosas, filosóficas e artísticas dunha sociedade e as súas correspondentes institucións políticas legais’", etc.— *o inserimento simultáneo da propia lingua na superestrutura dunha sociedade*; pero ten, no entanto, facilmente razón contra Marr, cando lle obxecta que "a lingua rusa permaneceu funda-

mentalmente a mesma que era denantes da Revolución de Outubro" e rexeita, obviamente, aceitala como o producto privilexiado dunha única "clase" da sociedade, áinda que sexa a clase revolucionaria".

Como vemos della Volpe

móvese nun terreo perto do de Voloshinov, pero coa diferencia de que ali onde este di "ideoloxía" della Volpe dá un paso adiante e amplía a tese poñendo "pensamento" e deducindo de aquí, a posteriori, e como establecendo un sub-

conxunto dentro do pensamento, a afirmación de que iso supón o inserimento simultáneo da propia lingua no superestrutura da sociedade.

Isto encaixa precisamente na nosa tese: non todo o coñece-

mento é superestrutura (ideología) pero, porén, afirmada a unidade de pensamento e linguaxe, esta última (vincellada indiferiadamente ao anterior) ten, loxicamente, tamén que traballar como superestrutura. ○



# CREPAX. Pulcra vanprísma

Por Margarita Ledo Andión



AL que  
semella  
grandón.

Non ten tics. Pés enormes en  
zapato negro de goma.  
Chambrá discreta. Docísimo.  
Certo. Certo. Neno de post-  
guerra retallando figuríns, neno  
que artella enredos para sí  
—nonos hai na tenda—,  
adolescente que fai coa tinta  
chinesa motos de carreira.

Soldados, autos, mulleres,  
historia común da sua época.  
Historias nas que el fai choutar  
o insólito no banal cando as  
crea. Pulcro e seductor. Guido  
Crepax, Milán, 1933. Pouco  
verbal, xusto para a conversa,  
sen se pringar no almibre e na  
renda das suas realizacións  
gráficas, falando como se fala,  
facendo uns fumetti que  
ninguén máis fará.

Guido Crepax é, para nós, o  
italiano de trazo sotil, desagresivo,  
que no 65, fai agora vinte anos,  
crea unha personaxe nova no mundo  
do comic e nunha nova revista do  
mundo do comic, na imitadísima  
LINUS. Crea unha personaxe activa,  
con memoria, freudiana e que o  
tempo transforma

Valentina, certo

Inspirada nunha actriz  
hollywoodiana, Louise Brooks e  
que o lector, que tamén ten agora  
vinte anos máis, nunca abandonou  
Valentina é a personaxe que coido  
máis orixinal, personaxe que se vai  
facendo vella porque o seu tempo é  
o tempo real —a Valentina do 1965  
tiña 22 anos, a de hoxe ten 42 e,  
non sei, case seguro que rematará,  
faráse mui vella-. Si. E anque o  
lector de comic's varía decote,

penso que Valentina non é para un  
público xoven, ten o seu público. A  
última historia desta persoaxe  
publiqueina en Italia no 82 ou no  
83 —ainda saiu acó agora en LA  
OCA-. Estou a facer unha nova  
historia de Valentina, quero que  
seña unha última historia que force  
a conclusión de toda a sua vida  
cando xa chegou a vinte anos, que  
force o final de Valentina, do que  
non estou seguro nen eu mesmo.

Entretanto fixo o Conte  
Drácula e Historia de O (2). Hai  
case dez anos, no 75, Franco Maria  
Ricci imprimiu, para unha das suas  
edicións de luxo, numeradas, a  
Historia de O (1). No proemio,  
Barthes, Robbe-Grillet, Fagiolo  
Dell'Arco. Porque os setenta foron  
a década de Crepax. Analizano os  
estructuralistas, é premiado en Luca,  
dibuxa o manifesto pola liberación  
de Pietro Valpreda, únese ás  
campañas feministas. Fai comic  
sobre obras de Poe, de Stocker, de  
Sade.

De feito eu sempre fixen outras  
cousas mentres Valentina se vai  
facendo vella. Historia de O,  
Emmanuelle, o Drácula. Fixeno  
porque me gustan as historias de  
horror e o fantástico, sobre todo  
de neno, e probei a facer o Drácula  
sen que seña ningunha novidade  
poisxe xa o fixeron outros  
autores, e fixeno seguindo o libro,  
a creación literaria. Agora ben, eu  
prefiro a historia de Valentina, a de  
BIANCA, que son escritas por min  
pero teño medo de me repetir e por  
iso fago, misturo, cousas diversas,  
por cambiar

Barbarella, Valentina, Bianca,  
Anna, Lulu como si, cando el as  
construe, preferise sempre as  
mulleres

Nono podo esplicar. Non sei. As  
personaxes femeninas semellábanme,  
ao primeiro, como se fosen máis  
novidosas. Daquela, cando  
empecei, os protagonistas dos  
fumetti eran homes e quisen facer  
unha muller. Angue Valentina non  
é a primeira, éo Barbarella, pero  
Valentina é diferente. Algunhas das  
miñas historias son somentes  
eróticas, como Emmanuelle,  
Historia de O. Tamén en Valentina  
hai muito de soños, moita cousa  
erótica, pero, naturalmente, non  
só. Hai, asemade, uns intereses  
literarios, e mesmo políticos, que  
son os meus mesmos intereses.

Cando estudaba arquitectura fixo a  
sua primeira portada de discos, un  
LP de Fast Waller

O meu pai era violoncelista e na  
casa sempre escoitei música.  
Gústame, gústame a música clásica  
Branms, Shumann, Stravinsky  
Pero tamén o Jazz. Até fixen unha  
historia, "Os homes de Harlem" e  
suxírolle ao lector de comic escoitar  
música ao mesmo tempo. O Jazz  
influiome

Amstrong, Parker  
e influiome o cine. Agora gústame  
especialmente o tedesco: Wenders,  
Fassbinder e un que outro  
americano: Kubrick. Nun principio  
interesabame moltísimo Bergman;  
en Italia, Fellini; Buñuel,  
moltísimo. E cando encetei  
Valentina gustábanme muito os  
franceses, os da "nouvelle vague"  
(Godard, Resnais, Truffaut), de  
feito as historias iniciais de  
Valentina están directamente  
marcadas pola "nouvelle"... e as  
relacións coa psicoanálise, os  
soños... certo.





7 de xaneiro 1976. Caro Guido (...)

Que eu saiba ningunha actriz americana foi inspiración para un comic e, seguramente, xamais para dous. O noso John Striebel dibuxou Dixie do 1926 ao 1966. E ti comenzazches Valentina no 1965, mesmo como se ti me toparas onde John me tiña deixado cando morrín. Podería Valentina ser a perdida Louise Brooks? Dixie Dugan non o era. Ela era valente e intelixente e sabía sempre como cuidar de si propia nun mundo que comprendía perfectamente (...)

(do carteo entre Crepax e Louise Brooks in GUIDO CREPAX, de Mollica e Paganelli)

**ESCRITA**, revista galega de cultura, análise, arte, ciencia.

Edita: Asociación de Escritores en Língua Galega.

De venda en quiosques e librarias.

**SUSCRICIÓN ANUAL (4 números)**

Galiza, Estado Español e Portugal . . . . .	800 pts.
Paises Europeos . . . . .	1.300 pts.
Outros Paises . . . . .	1.700 pts.

**CONTA DE ESCRITA:** Conta corrente nº 194148 da

Caixa de Aforros Municipal de Vigo.

XIRO

TRANSFERENCIA BANCARIA. N° TALON/BANCO

NOME \_\_\_\_\_

APELIDOS \_\_\_\_\_

ENDEREZO \_\_\_\_\_



CIDADE \_\_\_\_\_

ASINATURA

\* XIROS E CHEQUES BANCARIOS A NOME DE ESCRITA

# SCRITA

CHILE, 18-1º B  
VIGO-2



**OS ANOS ESCUROS, I**  
A RESISTENCIA CULTURAL DA XERACIÓN DA NOITE (1954-60)

Xosé L. Franco Grande

"Os anos escuros" é a obra dun dos máis altos poetas que teñen habitado a república das nosas letras contemporáneas. Por iso se non trata dunhas "memorias", quer xustificativas dos actos propios, quer trivializadoras das grandes realidades vividas... Eu aconsellaríavos que lérades este libro coma un acto individual de introspección do seu autor e de pregunta as propias raíces da autenticidade.

(Do Prólogo, de X. L. Méndez Ferrín)



ediciones xerais de galicia

Doctor Marañón, 10. Tfns. 296116-296232. VIGO

# Pessoa

Por Xavier Paz Canalejo

Fernando Pessoa está considerado como a mais importante figura literaria portuguesa do noso século, e mesmo, unha das más sobranceiras intelixencias literarias da nosa época. Con efecto, Pessoa xunto con Camões é o escritor portugués que máis ten trascendido fora do seu país. Compre, sen embargo, a pontar o carácter unilateral, unidimensional que, en xeral, temos da sua personalidade apesar, ou se cadra, por mor dos heterónimos. O seu labor de crítico, de teórico da estética é moi menos coñecido, e a sua intervención política fica agachada, soterrada pola estatura do poeta.

Que Pessoa foi un excelente artista, un enorme poeta é algo que se mella evidente. O seu arcaz ateigado de inéditos é unha constante surpresa que, libro a libro vaiseiros revelando, permitindo afondar na sua multiforme e esquizoide obra, quer dizer, heterónima. Mesmo considerando certo todo o dito non deberíamos ollar ao Pessoa "homus politicus" prexuidicados por el.

Hai canles velañas que levan do labor criador ao comportamento cívico, das concepcións estéticas ao ideario ideolóxico político. Para mellor valorar ao Pessoa criador, se cadra, compre falar do seu pensamento político.

As prosas políticas de Pessoa foron numerosas, non casuais: "Aviso por causa da moral" 1.ª Ed. 1923; "Sobre un manifesto de estudiantes", 1.ª Ed. 1923; "O Interregno. Defesa e justificación da Dictadura Militar en Portugal", 1.ª Ed. 1928; "Analise da vida mental portuguesa", 1.ª Ed. s/d; "Regreso ao sebastianismo", 1.ª Ed. s/d; "O preconceito da Ordem", Porto 1950; "A memoria do presidente-rei Sidónio Paes",... Aínda máis: os seus vencellos do "Núcleo de Acción Nacional" foron ben públicos.

Sidónio Paes, xefe dunha insurrección militar que non tiña outro programa que o derrubamento do Goberno, foi considerado por Pessoa o Rei-Media que xa proclamara en 1917 no "Ultimatum" de Alvaro, Campos —heterónimo vanguardista interesado pola técnica—. Sidónio apoiado por forzas ultraconservadoras forma o "Núcleo de Acción Nacional" que foi dirixido intelectualmente por Pessoa atraveso do xornal "Accão" de publicación intermitente. O "Núcleo" encarregoulle a Pessoa a redacción dun opúsculo que fose introdución e síntese da base doctrinaria do grupo, para más tarde desenvolver nun libro —libro que non se chegaría a escreber— as teses expostas no "Interregno".

Angel Crespo ten publicado un interesante libro cunha introdución na que debuxa a traxectoria estética e vital do poeta (1).

Pouco que obxetar á "introdución" até chegar ao título "La dictadura de Sidónio Paes y el Interregno" (páx. 65). Nese apartado a hipótese xeral é forzada para evitar o diagnóstico político cabal.

Segundo Angel Crespo nada na vida de Pessoa foi casual nen venturoso. Vida e obra foron debulladas seguindo un cobizoso plan de rexeración da cultura portuguesa. En síntese: Pessoa sería un iluminado, bó coñecedor das ciencias secretas, do esoterismo, que profetizou e puño en práctica a sua particular profecía sebastianista do "quinto Império". A sua obra sería antes que nada a fundación da nova literatura —daría vida a numerosos escritores: os heterónimos— que debería de contribuir decisivamente ao achega-

mento do novo Império, un Império espiritual, cultural. O poeta sábese o "supra-Camoens" e cumpre a súa profética misión tentando de abranguer todos os xéneros literarios.

Apesares do recendo a unilateralidade a hipótese semella úbeda e explicativa dabondo, sempre que non deixemos o chan dos feitos para elevármonos cara os ceus da abstracción nos que por non haber direcóns proibidas a circulación faise más lixeira. Angel Crespo ao afondar nos comportamentos políticos do poeta abandona a lóxica por "superficial", para reivindicar a explicación esotérica. Se o que impresiona da obra de Pessoa non son tanto as intencions que a sostien, como os resultados que acada, do mesmo xeito non semella razonábel enxuciar os seus comportamentos políticos polas supostas intencions antes que polos feitos concretos.

Queresenos convencer de que, segundo o pensamento esotérico, cand o Pessoa razoa e defende a ditadura militar de Portugal, en realidade tenciona achegar un proceso revolucionario (páx. 69). "A hipótese non só é tentadora senón que é a única que é quen de armonizar o "Interregno" e as suas proposicións co pensamento pessoano". Así, pois, o branco é negro. Como non hai outra hipótese, néganse as evidencias e fica harmonizado o novo.

Hai na "introdución" un intento de rescatar a Pessoa para un liberalismo ilustrado, "defensor da liberdade de comercio e como liberal de tendencia whig (que) exclúe nel calquier sospeita de fascismo ou de simpatía con outro totalitarismo" (páx. 66).

Certo que Pessoa foi, tamén, un seudo-positivista seródio, Comte morrera no 1857, mais en 1928 razonou e defendeu públicamente a ditadura militar en Portugal. Daquela exerceu, pois, de dépote ilustrado, de super-reacionario, e non recoñecelo non só é unha manobra confusionista e exculpatoria.

"Non imos detérmonos na argumentación deste opúsculo, ateigado de analoxias e argumentacions sospeitosas (sospeitosas de qué?) e posteriormente rexeitando polo seu autor (páx. 70)... "O pensamento de Pessoa é complexo dabondo" (Páx. 69)... "Xogo perigoso en canto só comprensibél para os iniciados, a defensa da ditadura militar (páx. 70).

As opiniós e propostas económicas non sempre teñen un correlato exacto, un encaixe perfecto no pensamento político xeral das clases dominantes. Os exemplos son abundosos e mesmo típicos da ideoloxía reacionaria. "Liberdade" para os negócios tradúcese a miúdo no político en réximes autoritarios. Por outra banda reivindicar un pensamento esotérico e logo pretender que tal pensamento teña unha coerencia lóxico-formal é unha "contradicción en terminis" grosso calibre.

Xogo perigoso éste de excusar das suas responsabilidades políticas a un intelectual. Xogo perigoso ainda que se faga sobre a base da "misión profética" do tal.

A cousa é menos comprensible ainda, cando o próprio Angel Crespo aponta na páx. 69: "... e unha crecente axitación social (fixeron) que a clase media non vira outra solución para as doéncias do país que a ditadura"... "Pessoa xogou forte. Logo dunha longa e meditada preparación, publicou en 1928, e no nome de Acción Nacional, un folleto titulado Interregno"... ¿A qué, pois, as reviravoltas?

Para Crespo efecto no lector medio será o predicado no opúsculo, superficial, mais o verdadeiro senso só será apreendido polos iniciados.

En canto un intelectual, e nomeadamente un poeta, baixa á rúa por meter baza política e mistura a sua obra co porvir do seu povo o ridículo é más que probábel. A política é unha ciencia que non perdoa aos afezoados, sexan as suas intencions non importa cais. A literatura tampouco. As intencions endexamais xustificaron o valor político dunha alternativa, nem a validade estética dunha obra. Unha e outra virán ou morrerán pola relación que establecen coa xente. As intencions non deberían ser coartada para facer prestimania ocultista que vire o reacionario en whig reformador, áinda que ben mirado tanto ten.

A pesar do seu xénio literario Pessoa foi fillo e pai do seu tempo e no momento de confronto social apostou pola reacción. Elitista, educado á inglesa Pessoa non foi quen de rachar o veo heraldo de abstraccións más ou menos tópicas que o encobriu toda a súa vida. A sua confusión en materia política foi notábel, cousa que non terse concretado en programa non tería tido maiores consecuencias, pero a sua colaboración no Núcleo de Accao Nacional se non debe valorar como mera táctica esotérica para achegar a revolta.

A valoración política-ideolóxica de Pessoa e nomeadamente nos anos 25 a 35 non pode ser xustificada cos tanxencias enfrentamentos ao Novo Estado vinte anos máis tarde non pola lectura ocultista da sua vida.

Foi Pessoa un precursor fascista e un escritor xenial. Un intelectual reacionario que, como tantos outros, creu más importantes as suas ideas que a práctica social das xentes, e foi consecuente con elo.

Vigo, xaneiro-xunio do 84  
XAVIER PAZ CANALEJO

## FRAGMENTOS DO OPUSculo PESSOANO "INTERREGNO", DEFESA E XUSTIFICADO DA DITADURA MILITAR EM PORTUGAL.

"Este opúsculo tracta (1) exclusivamente da defesa e justificación da Dictadura Militar em Portugal, e do que, em conformidade com essa defesa, chamamos as Doctrinas do Interregno"...

"Escrevemos estas páginas nun tom, num estyo e numa fórmula propiamente anti-populares, para que o opúsculo por si mesmo, eleja quem o entenda. Tudo quanto, em material social, é facilmente comprehesivel é falso e estupido. Tam complexa é toda materia social, que ser simples n'ella é estar fora d'ella. E esta a principal razón por que a democracia é imposible".

"Primeira justificación da Dictadura Militar: Metade do Paiz é monárquica, metade do Paiz é republicana"...

"Estamos divididos porque non temos una idéa portuguesa, um ideal, nacional, um conceito missional de nós mesmos"...

"Ora todo ideal nacional, claramente concebido ou claramente sentido, forçosamente tende para certa fórmula política, para certo régimen, que lhe seja adequado, e atraeve do qual se exprima"... "Só a ausencia de um ideal nacional, pela acción negativa da mesma causa, se exprime na división a ella en que não confia"...

"Mas quando um paiz está assim organicamente dividido, metade oposta a metade, está creando o estado de Guerra Civil —de guerra civil pelo menos latente. Ora num estado de guerra, civil ou outra, é a Força Armada que assume a expressão do Poder. Assume-a, ordinariamente, em subordinación a um poder político constituído, a um régimen.

No nosso caso, porém, precisamente o que falta é um régimen. Tem pois a Força Armada que serella mesma o Regimen; tem que assumir por si só todo o Poder.

E esta a primeira Doctrina do Interregno, a primeira justificación da Dictadura Militar".

Segunda justificación da Dictadura Militar: Além de non ter vida institucional legitima non pode Portugal,

também, ter vida constitucional alguma". ... "Todo homem, ou grupo de homens, que manda, tende, en virtude do egoísmo natural da alma humana, a abusar d'esse mando. Só não abusa, ou quando, senta que non pode abusar, ou que perderá mais abusando do que non abusan-

do. Mas ha só uma coisa que faz sentir ao governante que non pode abusar: é a presenza sensivel, quase corporea, de uma opinião pública directa, immediata, espontánea, cohesiva, orgánica, que todos os povos sás os possem en virtude do instincto social que os torna povos, e cuja pressão oculta os seus governantes sentem sem que essa opinião pública tenha sequer que fallar, e muito menos que delegar ou eleger quem por el obre ou falle".

... "a supertiçao constitucional. Consiste ella em crer que a formula constitucional ingleza é "universal", sendo pois applicavel a qualquer povo civilizado, en quaesquer circunstancias"...

... "O constitucionalismo envolve e motiva a existencia de partidos; estes partidos fazem uns aos outros una guerra política; e a guerra política, como toda a guerra, assenta en duas bases —dinheiro e segredo.

... "Os partidos, porám, como teñen um ideal político distintivo do ideal nacional (sem o que non serían partidos), ora sobreponen aquelle a este, ora o infiltran neste assim o pervertendo".

... "o mal do constitucionalismo está na sua essencia, visto que é radicalmente nocivo até onde é natural, non há outro remedio para elle, onde nem seja natural, senón a sua simples eliminación"..." "onde não hovesse un regimén, nem possibilidade immediata de o haver, a unica solución é"..." "establecer como cosa definida, o Estado de Transição".

... "Ora o minimo, o indispensavel social é a ordem pública, sem a qual as mais simples actividades sociais, individuaes ou collectivas, nem sequor poden existir"..." "Se una nação fosse una aldeia, bastaría a policia; como é una nação, tem que ser a Força Armada inteira.

E esta a segunda Doctrina do Interregno, a segunda justificación da Dictadura Militar".

Terceira justificación da Dictadura Militar: Alem de Portugal presente non pode ter vida institucional, nem também vida constitucional, non pode elle, ainda, ter vida de opinião pública"...

"Ha só trez bases de governo —a força, a auctoridade, e a opinião. Qualquier forma de governo tem que participar, para ser governo, de todas elas: sem força non se pode gobernar, sem opinião non se pode durar, sem auctoridade non se pode obter opinião"...

... "A todos nos confronta un problema político: extrair da opinião um sistema de governo. Non temos outro recurso. Não podemos recorrer á força, porque a força, numa sociedade formada, non é mais que un travão, applicavel só nos perigos e nas descidas;..." "Nem podemos recorrer á auctoridade, porque é increavel e indecretavel, e a tradição, que é a sua essencia, tem por substancia a continuidade, que, una vez quebrada, se não reata mais. Temos pois que encarar, por necessidade histórica, o problema de extrair da opinião.

... "a opinião collectiva ou "pública", desde logo vemos que ella tem que assentar ou no habito ou na chamada intuición"...

"O conceito vulgar da democracia, o que pretende basear a opinião pública na somma das opiniões individuaes fornecidas pelas intelligentias; "... este conceito é forçosamente erróneo. Acresce que, como non ha scienza social, non pode haver cultura sociolóxica"...

"Succede ainda, quanto á inteligencia, que ella, como é analytica, é desintegrante; como é abstracta, e por iso fria, é incomunicativa; e

como é a expressão de um temperamento, e o temperamento é individual, separa os homens en vez de os approximar"..." "E só no habito, pois, ou na intuición, que a opinião se pode fundamentar. E é num e noutra que, de facto, se fundamenta. No habito se baseia aquella opinião publica a que, com razón no termo, chamamos conservadora"..."

"E a opinião de habito que mantém e defende as sociedades; equivale á força que, no organismo physique, resiste á desintegración. A opinião de habito obra sempre d'este modo restrictivo; umas veces é útil porque entrava a decadencia, outras é nociva, porque entrava o progreso. Sem a opinião de habito non existiriam nações; uma nação, aliás, non é senón un habito. Mas só com a opinião de habito non existiriam nações progressivas;"...

"Na intuición —que, ao contrario de simples instincto, vê, como a inteligencia, o futuro, que non só o passado— se funda aquella opinião com que se promove o progreso das sociedades, mas, se a do habito e non equilibra, também a desintegración d'ellas"..." "Só a intuición —a fé, se se quizer pode crer na virtude e na viabilidade do que ainda se non experimentou. Por isso, com razón se pode dizer que toda opinião anticonservadora é um phénomeno religioso; que todo partido anticonservador é uma aggramación mystica".

"Consiste a vida social no equilibrio de duas forças oppostas, que ja vimos quaeas eram"..." "Um paiz unanime numa opinião de habito non será paiz —será gado. Um paiz concorde numa opinião de intuición non seria paiz —sería sombras. O progreso consiste numa media entre o que a opinião de habito deseja e o que a opinião de intuición sonha"..."

... "em virtude da reacción excessiva que provoca, toda doctrina social extrema produz resultados diametralmente oppostos aos que pretende producir. O tradicionalismo orgánico produz extranjeiros; o progressivismo orgánico produz animaes. E na comunidade do conceito de nação que está a base para a lucha profíqua, porque para o íntimo equilibrio, entre as forças sociaes oppostas"..."

... "num paiz onde, sobre non pode haver regimén legitimo, nem constitución de qualquier especie, non pode, ainda, haver opinião publica em que elles se funden ou com que se regulem, nesse paiz todos os individuos, e todas as correntes de consenso, appellan instictivamente ou para a fraude ou para a força, pois, onde non pode haver lei, tem a fraude, que é a substitución da lei, ou a força, que é a abolición d'ella, necessariamente que imperar"..."

... "Se, porém, rejetando a fraude como fundamento de qualquier coisa, temos que apellar para a força para governar o paiz, a solução está em apellar clara e definitivamente para a força"..." "Temos que apellar para una força que possua un character social, tradicional, e que poriso non seja ocasional e desintegrante.

Há só una força com ese character: é a Força Armada.

E esta a terceira Doctrina do Interregno, a terceira e ultima justificación da Dictadura Militar".

... "Nem ha hoje quem, no noso paiz ou en outro, tenha alma e mente, ainda que combinando-se, para compor um opúsculo como este. Disto nos orgulhamos.

E este o Primeiro Signal, vindo, como foi prometido, na Hora que se prometterá".

Así remata o noso poeta "O Interregno" en Xaneiro de 1928.

Vigo, 84.

(1) todas as citas de Pessoa pertencen ao folleto citado: "O interregno".

(1) Ao respetar escrupulosamente a ortografía de Pessoa en 1928, aparecen as dubidas ortográficas do portugués contemporáneo hoxe superadas.

# O noso proceso de Normalización

Comisión de Cultura de Herri Batasuna de Araba



## I SITUACION DO EUSKARA NO ENSINO EN ARABA Especificidade de Araba

**D**enantes de entrarmos de cheo no que coidamos os alicerces ideológicos mínimos para focar o proceso de reeuskaldunización do noso *herrialde* (2), fai-se imprescindible ofrecer, ainda que sexa de por riba, unha ollada verbo da situación na que se acham as nosas *ikastolas* (3) e as escolas estatais. Con elo non tencionamos situar nestes centros a totalidade do proceso, ainda que, de feito, teñan un papel sobranceiro. Compre lembrar que HB sempre apostou pola alternativa de *Euskal Eskila Publikoa* (4) como a única, no nivel educativo, que fose quen de encetar a reeuskaldunización.

As vistas dos dados da revista "Jakin" (nº 28, "Ikastolatik Eskila Publikora") recolleitos do curso 81-82, en Araba hai 29 *ikastolas* que xuntan a un total de 5.509 alumnos. O mesmo que noutros *herrialdes*, a xénesis do movemento de *ikastolas* ten o seu punto de referencia na existencia de grupos de pais e ensinantes concienciados pola nosa cultura, que desafiando a ameaza franquista, conquieren aos poucos ir chantando vários centros, aos que se lles dá o carácter de cooperativa (aliás o único posíbel daquela). Desde xeito xurdiu un primeiro núcleo, no 1964, do que despois foi a *ikastola Olabide*, fiel mantadora hoxe das estruturas privadas. Mientras ia progredindo en número este centro, que hoxe axunta a unha terceira parte dos alumnos das *ikastolas* da provincia, xurdian, a partires do 71 e até o 76 outros seis núcleos que falan do imparábel do proceso. Dende o 77, a Federación de *ikastolas* bota unha campaña de espallamento a toda a provincia artellando-se novos centros *ikastola* en pequenos núcleos rurais onde xamais se maximara. Asemade, observa-se o chantamento dunha terceira via: a das *ikastolas* dependentes do Servicio de Euskara da Deputación. Os pais destas *ikastolas* apostan afervoadamente por un centro público e van acadando que aos poucos a Deputación abra as suas mans, concedendo licencias para a construcción de novos centros.

Deste xeito, pode-se sinalar a existencia de tres grandes grupos de *ikastolas*, atendendo ao seu nacemento e carácter. Estes tres grupos, que partillan cadanxe tercio dos 5.509 alumnos, son os seguintes: Olabide (*bunker* privado do PNV, agarimado polas subvencions institucionais que manexa o próprio partido); *ikastolas* da Federación (atafegadas polos atrancos económicos, manteñen estruturas de centros privados, tendo cedida a sua titularidade ao Governo basco); derradeiramente, as *ikastolas* da Deputación, mais achegadas ao modelo de ensino público que arelamos. Unha desemellanza xa no cerne destas *ikastolas*, é o afastamento entre os centros que escoleron o modelo "B", quer dizer "bilingüismo" (lea-se diglósia planificada) e o único centro que mantén un ensino *en e do euskara* (o que o Gobernón chama modelo "D"), quer dizer *Toki Eder*.

### Modelos de ensino nas ikastolas de Araba

A orixe do conflito que arresta hai en moitas *ikastolas* hai-no que procurar, a nivel pedagóxico, na invención a cargo do Governo Vascongado, dos tres modelos lingüísticos xa coñecidos ("A", "B" e "D") (5), segundo o carácter castelanofante ou euskaranfante da zona en cuestión. Estas directrices, froito do consenso en Madrid entre a bur-

guesia rexionalista e mais o PSOE, fornecen de múltiples atrancos ao proceso de reeuskaldunización. Tendo en conta os devanditos criterios, achamo-nos hoxe en Araba cun panorama arrepiante. Das 29 *ikastolas* que oficialmente sobreviven no noso *herrialde*, a grande mayoría rexese polo chamado modelo "B", que na práctica se está a mudar no ensino en castelán das matérias fundamentais: matemáticas, linguaxe, etc, afastando ao euskara ás tidas de seu como "marias".

O noso convencemento de que o bilingüismo ou modelo "B" non é senon diglósia planificada, é doido de reveror nas *ikastolas* do noso *herrialde*. Quer nos centros privados, como Olabide ou as *ikastolas* da Federación, quer nos públicos (Deputación), este modelo derivou nunha marxinación do euskara en prol da lingua dominante, co cal se invalida calquier premisa mínima para o establecemento da nosa lingua nacional por este viero.

Existen núcleos illados que compre salientar. En Aramaiona, poñamos por caso, traballa dende hai algúns anos a fusión entre a escola estatal e mais a antiga *ikastola*, rexendo-se polo modelo "D". Compre sinalar, porén, que, ao ser esta zona nomeadamente *euskaldun* (6), esta solución é "legal" dende o punto de vista do Governo Vascongado. Agás nas *ikastolas* de Llodio e mais Amurrio, onde existen várias aulas para o modelo "D", o único exemplo que fica é o de *Toki Eder*. E dabondo coñecido o esforzo que tiveron que sostener os pais para acadaren o modelo lingüístico que arrelaban para os seus fillos. Ainda que sexa cedo para adiantarmos resultados verbo desta experiencia, os seis meses do curso que findou (82-83), nos que se seguiu o "D" apontan xa nos cativos un progredir indubitable.

### Escola estatal

Se arrepiante é o panorama das *ikastolas* en Araba, é doidamente imaxinábel a situación da escola estatal, moito mais regresiva no seu conxunto. Un núcleo sobranceiro de alumnos da escola estatal en Araba, por riba dos 4.000, non recibiu o curso 82-83 nin unha hora de euskara. O modelo "A" é o maioritario, seguindo o "B" cun número moi por baixo de alumnos e, derradeiramente, o "D", cun número insignificante.

Comecemos sinalando, como mostra do esquecemento no que se acha o ensino do euskara nas escolas estatais de Araba, algúns breves apontamentos verbo da situación dos centros que se rexen polo "A". Ao *irakasle* (7) ou *andereño* (8) que lle atinxo esta tarefa terá de pasar a sua xornada laboral percorrendo varias aulas para impartir a "sua clase" de euskara. O esforzo multiplica-se polo feito de consideraren os alumnos ao euskara como a clásica "maría", o que conleva para o ensinante redobrar os seus recursos para conquerir unha clase dabondo dinámica que sexa quen de engaiolar ao alumno. Baixo este punto de vista arrelo adoita acontecer que o *irakasle* ou *andereño* se atope a fatos de alumnos que "pasan" da "hora de euskara", tomado mais como un tempo de relaxamento que de estudio.

A esta problemática temos de xuntar o ambiente de rexacemento cara o euskara que se percebe entre moitos mestres da escola estatal, nomeadamente entre os de meirande idade. Este ambiente rareado, que defronta en moitas ocasións a ensinantes de euskara e mais de castelán, paga-no decote os propios alumnos, co cal todo se esborranca ainda mais, sendo o euskara o que sai mirrado.

Xa que logo o ensinante de euskara remata aborrecendo-se e amargando-se. Aliás, o alumno chega a ter verdadeira xenreira cara ao euskara, no canto considera-la a sua propia lingua nacional. Por suposto que o Governo Vascongado non pon meio axeitado nengún para que os problemas dos que falamos non se produzan, sen preocuparse de garantir as condicións mínimas para un ensino reguiado do euskara. Achamo-nos así cunha falla absoluta de medios, unha inxente masificación do ensino etc.

Non menos deprimente resulta a experiencia diaria nos centros estatais do modelo "B". Segundo temos dito, nestas escolas o ensino *en euskara* fai arredado a matérias tidas de "segunda orde" ou "marias". As áreas de linguaxe e matemáticas ensinan-se en castelán. Pero, por riba, existe unha falla de planeamento total, un carecemento de medios absoluto e un afastamento de seguimento do modelo que linda co indecibel. O número de alumnos por aula é, polo xeral, excesivo, os métodos pedagóxicos van-se argallando segundo cada, mentres o departamento de Educación non é quen de artellar soluciones de común acordo. O cativo material que se distribúe chega de late tarde. Non existen gabinetes de seguimento do modelo, nem persoal abondo para realizar substitucións. Isto leva ao feito de que se un ensinante *euskaldun* colle a baixa, o seu substituto é, a cotío, *erdaldun* (9). A ringleira de problemas fai-se, ao cabo, interminábel.

### A nosa liña de actuación

Non abonda coa simple enumeración dos problemas e dos atrancos. Como HB temos que dar a nosa propia alternativa, unha alternativa de clase e mais nacional, que faga posíbel a reeuskaldunización do noso povo. A nosa posición ten de estar nidiamente defrontada coa de quen, dende unha óptica reformista, percurran no "bilingüismo" a solución de todos os nosos problemas lingüísticos. Compre dicer publicamente que rexitamos o bilingüismo e por qué.

Esta longa loita pola recuperación total da nosa lingua hai-na que inserir no marco dunha angueira xeral de liberación nacional e social do noso pobo. Cairíamos nun gravísimo erro táctico se esta batalla a plantexásemos de xeito illado.

### I. Que é e que funcións cumple una lingua.

Unha lingua supón unha unidade fonda de pensamento e linguaxe. Na medida que o pensamento é reflexo do mundo exterior, a linguaxe é, ao cabo, coñecemento dese mundo exterior e da realidade obxectiva. Por iso debémonos opor ás teorías que propugnan o estudo das línguas "en e para si mesmas".

A linguaxe non pode reducirse á simple comunicación de ideas. A linguaxe ten a complexidade dos fenómenos sociais. A aprendizaxe do euskara ten de ultrapasar o pretendido "científismo neutro" que pula a metodoloxía linguística estrutural, o mesmo que o estudo da lingua "en e para se mesma", xa que, illada do social, desaparecería decontado. O euskara, a nosa lingua nacional, é un medio de concienciación, un medio de comunicación e un medio de mudança social. Xa que logo, o euskara ha ser o instrumento de traballo revolucionario que colabore na producción dun novo tipo de sociedade.

Digamos que o argumento principal co que nos queren asoballar, quer os imperialistas grandes españois, quer os pretendidos interna-

cionalistas, e os bascos, satélites da sua ideoloxia, aos que o conflito lingüístico alporiza, podería-se formular deste xeito:

"Camiñamos, inexorablemente, cara a lingua universal. Xa que logo, quen pode teimar en recuperar e manter unha lingua minoritaria e condeada de antemán, como o euskara?

A uns e mais aos outros, a histórica, neste caso da lingua, encarregara-se de lle botar abaixo as suas pretendidas razões universais. Así, poñamos por caso, o latín, lingua universal, lingua nobre e axeitada á ciéncia, foi sustituida polas chamadas línguas vulgares (inglés, toscano, castelán, portugués...). Ás avesas, que os granespañois, e mais o seu pretendido universalismo, ollan a situación na que se acha o español en Porto Rico.

Quen salientan, suliñan e espolian que o inglés vai ser a lingua universal, non debían esquecer que iso mesmo aconteceu co francés non hai moitos anos (chegou a ser a lingua de Inglaterra, até que —Guerra dos Cen Anos— desde o 1362, a lingua inglesa sustitue ao francés nos tribunais e no parlamento inglés. Tamén chegou a se-lo na corte dos zares) (10). Qué tería sido do inglés se o povo da illa aceptara o mito do francés lingua universal? Qué pensarmos dos casos de Finlández ou Noruega?

Atendamos ao feito de que o espolamento, recente, do inglés, vendo polo feito de seren os USA o xefe de fileira do bloco capitalista. Se, como dicía Nebrija "A lingua é compañeira do Império", enxerga-se que a lingua, inglés, se espalle ao tempo que o fan os monopólios na meirante parte dos países da sua área de influencia. Así e todo compre suñar que nengún dos países do bloco capitalista (algúns de poucos habitantes: Holanda, Dinamarca, Suécia, Bélgica) ainda que pulan o coñecemento dunha ou varias línguas "internacionais" non por iso teñen pensado abandonar a sua lingua nacional. Aos falsos internacionalistas dicímos-lles que o verdadeiro internacionalismo acada-se ao materializar o direito dunha nación asoballada a dispôr de se propia, xa que o povo que asoballa a outro non é ceibe. Os que pensan así achan-se nunha situación preitorre de Babel. As leis históricas e mais da lingua seguen outros roteiros.

Ninguén pon en dúbida que, normalizado o euskara, os poderes bascos promocionarian o coñecemento dunha ou varias línguas de comunicación, mais sen esquecer que a lingua do noso povo, o basco, a sua lingua nacional e de cultura é o euskara.

### II. Proceso de normalización dunha lingua.




#### a) Aspeitos normativos (e legais)

A normalización "facer "normal" unha lingua de uso efectivo para todos os cidadáns, esferas e niveis da vida das xentes de Euskal-Herria) e planificación lingüística é, ao cabo, un proceso e proxecto de natureza política e de grande envergadura.

As actitudes dos distintos estados perante as línguas tidas por minoritarias (non nacionais, non oficiais) pode-se clasificar en tres grandes apartados:

i) Actitude imperialista, feixista-asimilacionista.

Non lles reconoce nengún direito, tencionando por todos os medios



NMA MICROFONT QJKLPYZ  
6B512GH5D4X7U3W8V9E


PQR45DE9Uv677EGB5THIUNOWKABYZ  
3K-M12C

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ  
XYZabcde fghi jklmnopqrstuvwxyz  
uvwxyz0123456789 - OCR-B

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ  
WXYZabcde fghi jklmnopqrstuvwxyz  
uvwxyz1234567890PICA

ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZ  
abcde fghi jklmnopqrstuvwxyz  
1234567890

Elite



65



120



# O noso proceso de normalización



(Ven da pág. 16)

face-las desaparecer, zugadas polas chamadas "línguas de cultura", "línguas superiores".

#### ii) Estatuto persoal

Nel contempla-se o direito que teñen os *falantes* da língua minoritaria-asoballada, a receber a instrucción na sua propia lingua. É un direito individual, axeitado aos casos nos que os falantes se acham espoliados polo territorio da lingua dominante. É inferior (non leva á normalización da lingua) e menos eficaz que o

#### iii) Estatuto territorial

Aplicado naquelas situacions nas que hai unha comunidade diferenciada xeográfica, histórica, cultural e linguisticaamente, como é o caso de Euskal-Herria, Galiza, Catalunya. É superior ao persoal, posibilita a recuperación e o mantemento da lingua asoballada.

#### b) As desemellantes actitudes perante o proceso de normalización do euskara. A constitución española.

É curioso ollar e sinalar o feito de que as desemellantes actitudes verbo da normalización do euskara van vir determinadas pola norma política xeral: a constitución española.

Porén, e agás momentos de alporriamento moi pontuais, ao obxecto de manteren as apariencias, uns e mais os outros, non se adicáron ao aniquilamento do euskara e a impo o español senón, ás avesas limitáronse só a cumplir e facer cumplir os dívidos que emergullan de "norma de normas".

O único que nos diferencia deles é que, mentres nós nos adicamos a tencionar de *impôr* o euskara, eles limitan-se a *lexislar* verbo do euskara.

Vexamos que é o que di a Carta Magna hispana, verbo das lingus do Estado Español:

Artigo 3: "O Castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españoles teñen o deber de coñecela e o direito de usa-la".

Compre fixarmo-nos na primeira subtileza: castelán e non español.

Quén son estes españoles?. Vexase o artigo 2, no que se chanta o carácter "indisolúbel da *unidad de nación española*, pátria común e indisolúbel de todos os españoles".

Qué di das demais lingus do estado?: "A riqueza das desemellantes modalidades linguísticas de España é un *patrimonio cultural* que ha ser obxecto de especial *respeito e protección*".

Para que esta política de "ghetto", asoballante, diglósica, discriminatoria e mais asimilacionista da Constitución Española sexa ainda mais salientábel, comparemos este artigo co 46 fixando-nos na sua semellanza léxica e conceptual: "Os poderes públicos garantirán a *conservación e pularán o arriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos povos de España e dos bens que os integran*" (11).

Eis polo que non debe, nem pode surprendermo-nos que o Estatuto de Autonomía, determinado pola constitución española, outorgue ao euskara o tratamento que lle outorga, non permitindo unha política nídia de recuperación do mesmo. Parte-se do Decreto de Bilingüismo, que o único que fai é reflexar a situación actual do euskara para —van soño— tencionar de mante-la.

En resumo: en qué situación xurídico-lingüística nos achamos? Non temos nen Estatuto Territorial, nem persoal. Estamos entre o feixismo declarado e o estatuto Persoal.

Unha vez máis, fica claro como é a política —e non os técnicos ao seu servizo— a que tracexa as directrices na matéria.

#### III. A nosa alternativa de normalización

##### i) O euskara. Princípios ideolóxicos.

Ainda que xa sinalamos o que é para nós a linguaxe, compre salientar que, nem o euskara, nem nengunha outra lingua, é o motor da historia, xa que o determinante é a mudanza de estruturas, quer sociais, quer persoais. Pero tamén temos de dizer que a revolución está por facer se un povo ten de seguir a pensar na lingua dominante, seguir un ensino, relacionar-se, etc. na lingua do colonizador. Se as suas leis, os seus estatutos... están redactadas na lingua "nacional". Se isto non muda, é certo que o povo basco non acadará a sua independencia, o seu socialismo.

Dende que a burguesia, como clase co seu proxecto de poder, fixo a sua aparición no proceso histórico, tivo unha política linguística axeitada aos seus intereses de clase. Hoxe, dia a dia, estamos a revalorar que a burguesia rexionalista basca é unha clase decadente, unha clase conservadora que non ten forza, nem interese na recuperación da nosa lingua.

Chantados estes alicerces, sinalemos, vebo do noso programa, democrático e popular, recollido nas bases do Estatuto proposto por Herri Batasuna que o noso obxectivo é a "promoción e oficialidade do euskara a todos os niveis da administración, medios de comunicación e ensino, con medidas que reborden a situación actual de diglósia, con correspondente financiamento a cárrego dos presupostos públicos" (4.4.3).

ii) O bilingüismo e os chamados modelos lingüísticos.

O termo bilingüismo, procedente da psicoloxía, funciona na esfera individual (capacidade persoal para utilizar duas ou mais lingus con similar competencia). De aí que apareza sempre como par inseparábel da(s) política(s) lingüística(s) baseadas nas escolas persoais, individuais. Iso leva á desaparición da lingua en situación de inferioridade (vexa-se o caso dramático do irlandés perante o inglés en Irlanda).

Estas teorías teñen a sua orixe nomeadamente nos técnicos encargados de planificar o ensino de lingus extranjeiras, como segunda lingua. Isto, como é claro, non é o que nós arelamos para a nosa lingua nacional. Así e todo, cando nunha comunidade existen duas lingus en contacto, en desequilíbrio, todos os lingüistas dunha certa entidade (Ferguson, Ninioles, Weinreich, Aracil) falan de conflito de lingus, de diglósia. Xa que logo, defender a opción bilingüista supón negar a existencia do conflito, coidar que o euskara e mais o español están en situación de igualdade e que é posible a escola dun calquera deles. E esquecer, tamén, que as lingus non son instrumentos de uso individual, mais produtos sociais, que teñen senso e función mentres teñan rendemento social. O bilingüismo, compre dicir, ten a sua orixe, na xeira presente, na constitución española e mais no papel que esta concede ao español. Clasificáñse ás bascongadas en diferentes zonas, segundo a porcentaxe de basco-falantes de cada unha e coida-se manter esta situación. Fai-se así un uso demagóxico dunha suposta protección dos direitos individuais de aqueles aos que lles están a roubar os direitos de carácter social, os direitos colectivos. Aceptados estes alicerces, compre planificar segundo eles. Por

iso xurden os tres modelos linguísticos do Governo Basco: A, B, D.

1. Modelo A. Tencionase con catro teóricas horas semanales, segundo un informe do Governo Basco verbo da Escolarización e Euskaldunización do alumnado do EXB, conquetir "que os alumnos acaden un nivel que lles permita participar en conversas cotiás e sinxelas". A experiencia amosa a total desfeita do proxecto. Os cativos só chegan a coñecer unhas cantas frases e expresións en euskara, supondo, por riba, ao ser considerada asignatura de terceira categoría, un despréstixio para a nosa lingua.

2. Modelo B. O seu obxectivo é "euskaldeunizar a longo prazo aos pícaríños que non teñen de idioma materno o euskera, de xeito que, acadado o nivel axeitado do idioma basco, poidan realizar os estudos na devandita lingua". No Preescolar "...deñantes de rematar o cuarto mes, os nenos ficarán capacitados para seguir o ensino durante meio dia en euskara e a outra metade en castelán". Verbo do Ciclo Inicial "...iniciar e pulsar a aprendizaxe da lectura e escrita dos nenos. Estas actividades traballaranse en *idioma materno*". Quer dicir, en español. "Os temas que teñen relación coa matemática impartiran-se en idioma materno". "Os temas da área afectivo-social (as mariñas dicimos nós) impartiranse oralmente e en euskara, o mesmo que as actividades prácticas vincelladas cos mesmos".

O chamado modelo bilingüe, ve-se claramente, chanta a mais selvaxe das diglósias no próprio plan de estudos: español para a lectura, escrita e matemáticas; euskara para as de segunda orde. Coida-se deste xeito euskaldunizar aos cativos ao cabo do EXB?

3. Modelo D. "E o modelo axeitado para os nenos que teñen de idioma materno o euskara..." "O obxectivo fundamental deste modelo está ben definido: o euskara será a lingua fundamental de todo o preescolar e mais EXB. Asemade perfeccionarase tamén o castelán, para ter a posibilidade de realizar os estudos pertencentes ao EXB en euskara e castelán". O suliñado, polo sobranceiro, é noso. A omnipresencia do español é ben patente.

iii) Cal é, para H.B. a explicación destes plantexamentos.

Para nós todo ten a sua orixe na falla de capacidade normalizadora, a partir da inviabilidade do Estatuto da Moncloa. Compre dicir, dende xa, que é imposible normalizar o euskara con plantexamentos bilingües en *ikastolas* privadas. Non se pode tencionar ficar ben con Madrid (español) e mais con Euskal-Herria (euskara). O bilingüismo é a ideología da pequena burguesia.

A desfeita total que estamos a ollar é arrepiante. Hai pouco os propios pais dos modelos bilingües das *ikastolas* da Deputación Foral de Araba, falaban (e acusaban ao Sr. Ansola, deputado de Educación) de que os seus fillos sabían de vez en vez menos euskara e alonxaban-se dos obxectivos dos plans bilingües, sen falar da alta porcentaxe de fracaso escolar que existe. Ao cabo, nem euskara, nem contidos. Esta desfeita é tamén consecuencia dunha falla de ensinantes axeitados, dunha falla de competencias verbo do funcionariado, do frontamento de moitos mestres co euskara. Chega a desfeita até un punto tal que moitos técnicos chaves do bilingüismo teñen abandonado os seus postos.

Compre denunciar estes plantexamentos tecnocráticos: son os téc-

nicos ao servizo do Governo Basco quen desenvolven todas estas teorías, nomeadamente na escola, co obxectivo de formaren novos técnicos, de outorgaren títulos de euskara a eito. Así e todo, así non se falará euskara. Olemos o caso de Irlanda (12). Compre dicer abertamente que co bilingüismo, a *ikastola* privada, a "libre" escola do euskara, o considera-lo como unha segunda lingua, unha lingua extranjeira en Euskal-Herria, non chegará xamais a sua normalización.

É obvio, aliás, que temos de partir das desenrollantes situacions lingüísticas para, con medios diferentes e de seu, acadar o mesmo e único obxectivo: *Alfabetización en euskara*. Mediante a progresiva concienciación do povo traballador basco e a motivación teimosa cara o euskara de pais, *irakasles e ikasles*. No meadamente nas zonas *erdaldunes*, as mais necesitadas, e non ás avesas.

(Tradución ao galego:  
Equipo ESCRITA)

#### NOTAS

(1) O presente traballo é unha tradución dun amplo documento que contén a análise e alternativa normalizadora da Comisión de Cultura de H.. de Araba. O traballo consta de 44 folios e del tiramos aqueles apartados que poden ter un meirande interese, quer na cuestión meramente informativa, quer no que de aportación teórica teñen, para o lector galego. (N. do T.)

(2) Os *herrialdes* que se consideran en Euskalherria son sete: Gipuzkoa, Bizkaia, Araba e Nafarroa, no Estado Español; Lapurdi, Zuberoa e Nafarroa-Beherea no Estado Francés. Deixamos este termo, o mesmo que outros que aparecen neste artigo, sen traducir pois mesmo nas conversas que en Euskadi transcorren en español é así o seu emprego. (N. do T.)

(3) As *ikastolas* naceron no ano 1960 como intento de defensa da lingua e da cultura bascas perante a agresión do feixismo. Inicialmente monolingües en euskara, hoxe, por mor da aparición dos modelos lingüísticos, ven-se submetidas a presións de tipo bilingüista. Agás algunas da Deputación teñen hoxe un funcionamento de cooperativas de pais. (N. do T.)

(4) *Escola Pública Basca*. Alternativa que supón a mudanza das *ikastolas* —cooperativas privadas— en centros públicos, e a progresiva mudanza da rede pública de centros transferidos en *euskal eskolak*. (N. do T.)

(5) Teñase presente que, en euskara non existe o "c". (N. do T.)

(6) Bascófona. (N. do T.)

(7) Mestre (N. do T.)

(8) Mestra (N. do T.)

(9) O que fala *erderia* (lingua extranjeira). O termo *erdaldun*, ás avesas de *euskaldun*, designa ao estranxeiro, e, por antonomasia, ao que fala español. (N. do T.)

(10) Verbo da filosofía linguística da Constitución vid o excelente traballo de Francisco Rodríguez "Filosofía lingüística da Constitución española. Os decretos de ensino do catalán e do galego", en "Problemática das lingus sen normalizar. Situación do galego e alternativas". Xistral, 1980. Tamén no mesmo traballo sobre da utilización do termo castelán e non español. (N. do A.)

(12) "Alemparte o número dos *diplomados en irlandés* (...) non para de medrar: 1936, 480.000 diplomados; 1971: 800.000. Pero a situación real da lingua *galada* en Irlanda é infinitamente mais precaria ainda do que sae das cifras oficiais. (...). Só un 6% da poboación declara *poder falar gaélico* doadamente, índice que fica lonxe do 28% oficial. "Libro blanco do euskara, pax. 576-77. (N. do A.)

## LASCAS

Por Luis Roi Núñez

### Tedios e leceres

Que o xastre tocaba o acordeón, que o médico arranxaba gaiolas, que o abogado compoñía relós e o inxeñeiro organizaba procesións e festas... tal decía Juan Ramón Jiménez que acontecía na Andalucía e na España toda de seu tempo, onde ninguén lle tería afición verdadeira ao seu oficio.

Como se ve, ese querer ser outra cousa non é máis que unha tradición da nosa cultura común, e incluso en Barcelona, lugar que J.R.J. excluía daquela regra española xeral, calificádoo de alemán, sucedía e sucede igualmente, se polo que nos guiamos é por páxinas de Josep Pla, quizás o escritor máis mirón de cantos existiron algúha vez.

Sen embargo, postos a falar da cousa das dedicacións do íntimo, convén facelo encetando por duvidar que o tal vicio, ou virtude, non sexa exclusivo, pra suponelo universal sen máis. E ahí están poetas famosos: americanos, gregos ou portugueses, e mesmo galegos, de antes e de agora, con vidas perfectamente normais. Ahí están tamén crónicas que aparecen todos os días nos diarios, un *guardinha* que esculpe en xelo os feitos dos apóstolos, un xeneral parisien que escribe en papel de liar Comedia Humana enteira. Pero, sobre todo, ahí os están, esos homes da provincia dos que, nela, se fala unha vez e outra: o comerciante que anda coa bicicleta da misa de aquí pra a de alá cada domingo, o radioaficionado alcalde que onte encheu de interferencias as pantallas dos televisores dos veciños, o mariñeiro marinense que se soña cidadán da metrópoli do cine e das armas, na que se queren ver todos os pequenos países que, como o noso, non se queren como antes e se queren outros. Tamén o biólogo que diputa de libros con expertos de cen países... e máis ese anaco de todos nós que se resiste a ser reducido a un rótulo, esa creativa negación dunha mente cartesiana que nos fai un pouco máis dignos.

### Unha defensa

Alguén que definiría como un intelixente escritor francés, que, anque non o pareza son tres palabras que non teñen por que ir xuntas, decía que abondaba con mirar calquera cousa un anaco longo pra que se volvera interesante. Eu, coincidindo con esa aseveración, e levándoa ao terreo de observacións da memoria, o outro día lembraba as latas do dulce de membrillo que na miña infancia chegaban a casa desde un convento. Convencido de que calquera recordo sirve pra matar o tempo, ainda pasei un bo rato entre pans de figo e rosquiñas de variña e melindres.

Acordáronme entón unhas verbas dun poeta compostelán laiándose por uns mazapáns que deixaron de facerse no convento de Belvis. Daquela, por unha extraña relación de ideas, o pensamento que se impuxo viña resolto a desacreditar todas as lerias por milleiros que tiña escoitado, criticando ás beatas ao tumtum.

Foron críticas que case sempre encheron peteiros que falaban desde o lado da relixión, anque xusto os menos cumplidores; e así seguirá a ser, porque os agnósticos consideran ese labor inútil. E foron crítica que nunca pasaron de ser valeiras. Normalmente por demasiado evidentes; pero, máis que nada, porque esas mulleres, de tez pálida e voces doutros mundos, teñen unha man perfecta pra crear placer con leite fritido, con cañas de folladre.

Que non haxa beatas se non ten que haber larpeiradas, lemos nun diario. Pero se as ten que haber, como as roscas da miña avoa, de quen de paso hei de decir que vos é, e non pouco, beata, entón non sei razón vale pra querer que non haxa desas mulleres con moño e loito perenne e mirada perdida. Cousa, por outra parte, imposible...

### Sobre os libros

¡Cánto vamos cambiando co tempo que pasa! Acordame o pouco que me gorentaba, de neno, a letra nos libros e cómo lle buscaba sempre os monos que mos facían amenos. Despois veu mocedad e a predilección polas poesías: as románticas nun primeiro intre, mais logo as dos avangardismos acordes cos momentos da revolución social do cabo da dictadura. Logo gustei da prosa en pequenas doces, novelas de pasar a tarde.

Esto, dío millor Holderlin nun breve poema: "En días mozos á mañan sentía goce, pola tarde choraba; e agora, cando más vello son, duvidando enceto o día, anque non obstante, apacible e sagrado é pra min o seu fin". ¡Eterno humano de andar sempre cambiando! Alma nosa vertolán que agora me leva a preferir os libros grosos, achando especial delectación naqueles onde a invención, sexa na historia, sexa na palabra, é menos; onde vida aparece más sen roupas.

Pío Baroja resiste estas esixencias, e hai outros, pero sobre todo, neste cansancio pola historia como o conto lixeiro onde deitar as poucas horas entre o fútbol e as copas, a misa e o televisor, un automóbil e outro... está en ansia de ocuparse en autores que contan a vida pola miúda, e, posto que se deixa a poesía pra o invencible efímero dos momentos más puros, a vida en prosa e case preferentemente que en diarios, en íntimas observacións sobre o mundo que o escritor eleva a leira interminable, que nos valla pra coñecelo moito a el, e pra coñecermos nós mesmos un pouco máis, ao virar a última páxina á beira do silencio.

A literatura que ás veces ata o deslumbrar cunqueiriano, por sincero, vale como espello anque non estea no libro das horas que se está a celebrar, aquí e hoxe. O



## PÁTRIA

A Galiza  
é para mim  
um mito pessoal  
maternal e nutritivo  
con longa teimosia elaborado  
de louco amor filial  
de degradado  
(E de facto é também  
—porquê não confessá-lo  
un execrável vício  
sublimado)

A Galiza  
foi sempre para mim  
um refúgio mental  
um jardim de lembranças  
sossegado  
un ninho acolhedor  
para onde fugir  
do duro batalhar e do estridor  
da Vida  
e do acre ressaibo do Pecado  
Subterfúgio subtil  
e purificador  
de evasão interior  
para o descanso da alma  
na calma  
pastoril  
de perfeição de Arcádia  
da Terra Prometida  
da imaginação

A Galiza  
é o meu amor constante  
tranquila e fiel esposa  
e impetuosa amante  
sempre  
como Solveig, a espera  
ansiosa e plácida  
paciente e palpitante  
do retorno final  
do seu Peer Gynt errante  
—outra quimera!

Amo-a  
como o naufrago desesperado  
ama a costa longínqua e arredia  
que nunca há-de avistar  
Amo-a  
com saudade antevista de emigrado  
que já se sabe de antemão  
fadado  
a ser ausente morrinhente  
de nunca mais voltar  
Porque ninguém regressa do desterro  
à mesma terra que deixou

(Os lugares  
e as gentes que os habitam  
mudam e morrem sempre  
e nós também morremos  
e mudamos  
Posso eu acaso me reconhecer  
naquele rapaz loiro  
que chorando partiu  
um dia  
de Quiroga  
no Sil  
há tantos anos  
e tantos desenganos?)

Amo-a  
Amei-a sempre  
porque nunca deixei  
de estar ligado a Ela  
pelo umbigo  
Porque Ela foi meu berço  
e onde quer que eu morrer  
Ela há-de ser  
o meu último  
meu único jazigo

Amo-te  
enfim  
Galiza  
coitada, triste e bela Pátria minha  
como Tu es  
como o Senhor  
num mal dia te faz  
órfã de história e alienada de alma  
submissa e maliciosa  
rústica e pobrezinha

Amo-te  
sobretudo  
como eu te quereria  
como eu em mim te crio  
dia após dia  
como um encantamento da minha infância  
e da minha fantasia

Amo-te  
como eu  
tresnoitado poeta evangelista  
te invento e mitifico  
E, como com Jesus Cristo fez Mateus,  
visto com ilusórios veus  
a tua miseranda e cinzenta Paixão  
e intento  
com íntima e intensa  
distante devação  
põe-te um nimbo de Glória imaginária  
num apócrifo Novo Testamento

Estoril, 1984

*Ernesto Guerra da Cal*  
Ernesto Guerra da Cal

Inédito do poemário *Futuro Imemorial*.  
(Manual de Velhice para Principiantes).  
Programado para aparecer no início  
de 1985 em Lisboa, editado pela  
Livraria-Editoria Sá da Costa.



## POEMA FUNEBRE OU RITUAL DA NENA MORTA

A Xosé María Alvarez Cáccamo.

"Os amiguiños levábanos,  
non pesaba nada...."

L. Pimentel.

I

Xa se pecharon á luz os seus ollos espontáneos. Nas súas cuncas valeiras, Deus durme a sesta tan tranquila... Oula, ó lonxe, un can de palleiro. Os corvos agoreiros voan en ringleira rente ó chan. Tanxen as campás unha ladaíña funebre. A sua nai chora desconsolada e as veciñas fanlle coro de pranto. ¡Era tan boa, tan xeitosa, tan espilida! ¡Apenas cumplira dez primaveras e xa se nos vai! Os vermes preparam un banquete con coitelos e tenedor. E no Alén, ¿que acontez, Señor...?

II

Soben cara o cemiterio. Detrás, o pai apoiándose nun caxato, rodeado de xentía. Dediante, os nenos, seus compañeiros de xogos e escola. O outono deita follas marelitas nos camiños. Cantan os cregos solemnes pregarias. O ataúde branco parece unha vela de navío ergueita na tardiña. A súa mai, desfeita en bágoas, dálle o derradeiro adeus dende a fiestra. ¡Era tan belida, tan aguda, tan garimosa! ¡Tiña a alma branca coma unha folerpa! Os vermes poñén a servilleta ó pESCOZO con gran primor. E no Alén; ¿que acontez, Señor...?

III

Faise un silencio poboado de coitelos. O cadaleito descende emorde ó fondo da foxa. (!Pesa tan pouquín!) Alguén lle guinda enriba crisantemos murchos. Os cregos bótanlle a benzón e cantan, cantan, cantan... O ceo, chumbento, amenaza desfacerse en trebóns. As pranteiras vólvense histéricas de tanto laiar. A súa mai limpa os saloucos co detantal e rompe a chorar de novo. ¡Era tan pura, tan sinxela, tan humildosa! ¡Irá dereita ó ceo, probreciña! Os vermes fai-selle-la boca auga de dozor. E no Alén, ¿que acontez, Señor...?

Fiz Vergara Vilariño.

"... imos mirar a iauga como esbara"

—X. M. A. B.—  
(de "Canle segredo")

polos seráns, cos arrecendos de agosto que subian dos canaviais  
da outra beira do río,  
o mundo foi tecendo con suavidade maior nas pónlas dos salgueiros,  
nos mestos e feridos sequóias de América do norte,  
a tua pequenez que prometeu encontros insulares  
desta marxe proibida da existencia,  
e ti moraste no figura miúda que es, como eu miúdo sou,  
agora frente do océano pacífico  
mentres falamos, confusos da linguaxe das cousas diferentes  
sempre cos ollos postos no solpor roxo do mar que nos unia

a tarde, como entón, leva e trai un lazo de lene transparéncia,  
traza unha onda leviá que para alén da distancia nos remite,  
e a tu nenez lonxana e a miña remota se conxugan  
nun laborioso parolar das cousas que deixamos,  
os teus seráns de auga e encantamento á beira da auga en Santa Cruz,  
os arrecendos de vran que ascendían da outra banda dos canaviais  
do río,  
e é como se toda América, mar a mar, se fixese solidaria  
da memorial insignificancia de coruxo

talvez, de súbito, subamos, agora, catarina,  
a outeiros a contemplarmos a auga descer en bermellos remuíños  
baixo dun tempo único logo de desembocaduras e arboredas,  
no largacio territorio que foi da tua nenez, onde eu moraba.

Berkeley, 26 de outono de 1983  
Celso Álvarez Cáccamo

## POEMA

Se a historia se repete  
que historia se repete?  
Que fundo se intromete  
en quem a lê e sente?

Sera a mesma gente  
ou outra, mas doente?  
Hoje, tantos de tal,  
terá nascido o mal?

Assim, nada é fatal  
mais que a fatalidade:  
a negra tempestade  
é tempo e tempo, idade.

Pedro Tamen



# CADERNO DE CALIGRAFIA DUN NENO SUICIDA

Por Lois Martínez Pereiro

"eu  
incapaz de suicidio descerrando un sorriso-gelosia  
eu  
apesar de tudo vivo apesar de tudo inquieto  
apesar de tudo farto".

(Daniel Felipe)

Antes de más nada vou falar do tempo que fai nestes momentos porque é o que se soe facer cando atopas un leitor e non sabes que contar-lle. O dia (por chamar-lle dalgunha maneira comprensible) é cálido, as nubes parecen querer o encollimento das casas da zona, mesmo aquelas que non son da parroquia. Hai poucos aventureiros nas ruas (xa se sabe que nelas non pasa nada) e os charcos ameazan un cursiño para aprender a nadar; as farolas agachan as suas bombillas entre as pernas para así protexe-las das terríveis gadoupas de Dona Tronada, unha muller moi alta que anda a espirrar sempre de maneira ostentosa...

Sentados xa os precedentes do asunto compre ir ao grao, espero que dispelpedes que leve o dedo ao nariz máis é ai onde o teño.

Pasaba por aqui e sentín a necesidade de escrever a máquina o que me acontece (ainda non aprendín a facé-lo a man). Teño cinco anos de idade, chamo-me Pocholo Dante e, os meus malvados compañeiros de chupete, puxeron-me o alcume de Cholo Ante, sabido é que os nenos non pronuncian o "d" até os seis anos; isto non me preocuparía se non fose porque o meu segundo apellido é Operigo.

Non son psiquiatra infantil, mais penso que foi aquí onde comezou a miña desdita. Os meus pais (non poño proxenitores para non facer alardes de precocidade) festexaron a ocorrência dos ananos antes mentados e obrigarón-me, até hoxe, a vestir roupas de vaqueiro, levar rifle, sombreiro, lazo, insignia... Nun principio facía-me gracia, logo começaron as miñas crises ao ter que ir á escola montado nun cabalo que ben podia ser o de Troia (muller moi xetosa que tiña unha casa), ao ter que afastar o rifle cando escribia as primeiras letras, ao ter que me duchar coas botas postas despois de embadurnar ao profesor de xinásia coa miña intelixencia celular...

Aos poucos fun quedando-me sen amigos. Ningún quería falar cun neno que si se enfadaba podía meter un tiro entre cella e cella ao incauto. Mesmo Oróndio xa non me falaba. Era un rapaz grosio, tan ancho com torda, que sempre andaba a pedir mortadela no recreio. Mellor para min, agora zamparía con parsimonia o meu bocadío de

mandilón sen ter que xogar ás agachadas. En realidade xa non tiña fame, todos os días tiraba o pan diante dos fuciños de Oróndio e logo pasaba por riba del as miñas botas con estrelas... era unha maneira como outra calqueira de facer rabiar aos demás e demostrar superioridade.

Ao carecer de amigos tiña moito tempo libre para reflexionar, matinaba nas enigmáticas palabras dun filósofo chipriota sobre a Amistade (muller de dubidosa nota incapaz de aprobar) e convencime de que o mellor amigo era aquel que non pagaba a pena coñecer(\*)

Pasaba-me as horas facendo reviraganchos nos libros do meu pai, nas paredes brancas (as verdes non me gostaban), na tele... até que me mercaron un caderno de caligrafía uns familiares que se preocupaban polo desenvolvimiento armónico da criatividade personificada dun neno xenial. Xa antes amostraran o seu aprécio cando aos poucos días de asomar á luz trouxeran seis tomos dunha enciclopédia como galano de benvinda para o chorón.

A novidade do caderno durou-me se non recordo mal trece minutos, ao chegar ao cuarto de hora os meus pais decidiron (por Unanimidade) mercar-me un diario(\*\*), pois vian que tiña dotes para as artes ánta que non se soubese cais. Foi daquela cando descobrín a escrita cuneiforme, moito máis doada do que a de letras, había tantas!

Eu, Cholo ante Operigo, serei máis unha vez un coitado; dias despois de receber como galana o diario comenzaron as arelas suicidas.

A primeira tentativa viñera motivada pola imposibilidade de completar unha colección de cromos. Estivera durante meses mendrando un determinado fuagrás (non sei escrever o checo), logo quebrara a fábrica no xusto momento en que só me fallaba o cromo seiscientos. O que sentín só o poden averiguar quen cuspen nas aceiras, ou quen non poden chamar por teléfono debido á Tímidez (dona delgada, con gafas, que controla o tendido telefónico). Puxéreme a chorar durante meses, sen acougo, con perigo das miñas cordas bucais, pretendía afogar e así rematar cunha existencia tan atroz. Non o conseguiu, os meus pulmóns convertironse en bránquias e non había maneira. O que si logrei foi aumentar os dividendos dos otorrinolaringologos-pialidosos, que estiveron a piques de erguer-me un monumento, mais xa se sabe, só quedou en felicitacións congratulando-se do avance que a ciéncia da orella estaba a acadar grácias a xentes coma min.

O intento quedou-se niso, agora os meus pais non me escoitaban e decidin cambiar de postura porque tiña medo de colher unha catarrreira nos pés. Chamaron ao fontaneiro para que buscarse unha solución de alcantarillado no piso e todo quedou nunha pequena trasnada.

Aos poucos convencin-me de que iso de colecciónar cromos era unha infantilada, daquela dispuxen-me a xuntar binómios. En realidade non sabia para que servían, pero debían de ser algo importantes, pois as cousas que rematan en "ómio" son mellores que as que empezan por "bi". Tiña binómios de todos os países e galaxias, había un par de semanas que conseguira o binómio cucurbitáceo; só había dous exemplares en toda a escola, e o outro estaba nunhas condicións moi precarias... agora que, non todo van ser gargalladas de triunfo, suspendin un exame de xinásia por culpa deles (teño os binómios planos) e ainda non me recuperei.

Non asimilara o cambio de impresións que tivera co meu pai (boxeador) cando apareceu o segundo intento autodestrutor. Estaba totalmente escarallado, os binómios non me respondían, tremabanme as unllas, medraban-me as orelas... non cabía dúbida, era o mellor momento para deixar esta vida de zumo. Había que ser rápido para que os meus compañeiros non se decataran da amplitude das miñas orelas. Mirara dun sitio a outro, ningún reparaba, agarrei un compás que pouco antes usara para sacar unha lépia e GRRRUUCNCH! xa estaba camiño do bandullo. Agora si que gozaba, desta non me salvaría ninguén... andaba a cavilar no disgosto que se levarian os da campaña contra a Fame (muller insaciábel de todos sabemos que) (\*\*\*) cando... publicidade... vin que o meu compás seguía na mesa.

Dicia-me que non podía ver, que xa vira, que xa vira unha dona moi branca cun gadaño... iso era un sinal inequívoco de que estaba morto... mais, logo cain da burra: zampara-me a goma.

No mesmo segundo que me decatei do terrible trago comprendín a sua Gravidade (sonada muller de lei), corrín desesperado cara á mestra Menestra (era de Elgoibar) e movilicei media cidade na persecución dun antídoto.

Passaron unhas horas e despois as outras cando descubriron que tragara unha goma. Foi no momento en que apareceu unha Manifestación (muller afónica perpétua) berrando contra os fabricantes de úteis escolares diante da miña casa. Xa nada me compadecía, xa non había nada que facer, o meu bandullo desaparecería como borrado do mapa, nunca máis usaria unha goma na vida que, xa adivinaba, ia ser curta (cando menos ia tentá-lo).


*Este manuscrito (ainda que escrito con letras de máquina) atopé-no nunha viaxe que fixen a Francia (1979), na cidade de Nantes. Era un mes de agosto moi caluroso e propicio para ir de bibliotecas. Nunha delas, folleando un libro de Boris Vian caeu do seu interior, escrito tal e como vichedes, sen firma mais con data do 59.*

*O que más me sorprendeu (aparte de estar en galego) foi que a data estaba feita con sangue e, no resto do caderno (sen escreber), había unha melodía para trompeta cun aquel de jazz.*

(\*) Vid. NENMOLHO, Nencyprus. *As miñas conversas cunha conversa*. Ed. Quefalei. Nicósia, 1946.

(\*\*) Dirixin-no tan ben como o Unanímio (director do diario que máis enchia as papeleiras) e a sua filla até que desapareceu a penúltima suscripción. O desrido dos meus traballadores impidiu o cinquidiario e busqué por un tempo novos horizontes (lonxanos).

(\*\*\*) Sempre puñan unha foto miña tirando o pan nun charco. Era un perfeito modelo para que os nenos de Orgumbo do Sul, que aprendían o que non se debe facer coa merenda dos outros.





"AS MOZAS DE PONTEVEDRA... é pra unhas sonrías haidas en fluvante... M. 1981.

Si

ESCRITA, 6 - Veran, 1985  
Edita Asociación de Escritores en  
Língua Galega. Proxecto e  
dirección, Margarita Ledo. Deseño  
Gráfico, Xurxo Fernández.  
Coordinación, Alfonso Pexegueiro.  
Imprime, A. G. Galicia, S.A. -Rua  
Segovia, 15, Vigo. Dep. Legal: C.  
1.027-1983. Correspondencia e  
Suscripcións, Rua Chile 18, 1º B,  
Vigo-2. Exemplar, 200 pesetas,  
Suscripción anual, 800 pesetas.



7 de xaneiro 1976. Caro Guido (...) Que eu saiba ningunha actriz americana foi inspiración para un comic e, seguramente, xamais para dous. O noso John Striebel dibuxou Dixie do 1926 ao 1966. E ti comenzaches Valentina no 1965, mesmo coma se ti me toparas onde John me tiña deixado cando morrín. Podería Valentina ser a perdida Louise Brooks? Dixie Dugan non o era. Ela era valente e intelixente e sabía sempre como cuidar de si propia nun mundo que comprendía perfectamente (...) (do carteo entre Crepax e Louise Brooks in GUIDO CREPAX, de Mollica e Paganelli)